

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE AGRICULTURA E PESCA, ALIMENTACIÓN E MEDIO AMBIENTE

12663 *Real decreto 956/2017, do 3 de novembro, polo que se establece o marco regulador de axudas ás organizacións profesionais do sector da pesca e da acuicultura, cofinanciadas polo Fondo Europeo Marítimo e de Pesca, e as súas bases reguladoras de ámbito estatal, e polo que se modifican o Real decreto 418/2015, do 29 de maio, polo que se regula a primeira venda de produtos pesqueiros, e o Real decreto 277/2016, do 24 de xuño, polo que se regulan as organizacións profesionais no sector dos produtos da pesca e da acuicultura.*

A Comunicación da Comisión Europea «Unha estratexia para un crecemento intelixente, sustentable e integrador», a chamada Estratexia Europa 2020, establece unha serie de prioridades e obxectivos para os Estados membros para o ano 2020.

O Marco común estratéxico, aprobado polo Regulamento (UE) n.º 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e polo que se establecen disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e se derroga o Regulamento (CE) n.º 1083/2006 do Consello (Regulamento RDC), establece unha serie de obxectivos temáticos que permitirán alcanzar os obxectivos da Estratexia Europa 2020, a través dos fondos estruturais e de investimento europeos.

Mellorar a competitividade do sector da pesca e da acuicultura, conservar e protexer o ambiente e promover a eficiencia dos recursos, a sustentabilidade e a calidade no emprego e favorecer a mobilidade laboral constitúen tres dos once obxectivos temáticos, tal e como se conteñen no artigo 9 do Regulamento RDC e que como tales poderá apoiar o Fondo Europeo Marítimo e de Pesca.

O Programa nacional de reformas e o informe de posición dos servizos da Comisión sobre o desenvolvemento do acordo de asociación e de programas en España para o período 2014-2020 identificaron unhas prioridades de financiamento para mellorar a competitividade e o emprego que, no caso do sector da pesca e da acuicultura, se identifican cos obxectivos temáticos 3, 6 e 8 do citado artigo 9 do Regulamento RDC, que se plasmaron no acordo de asociación entre España e a Unión Europea, que estableceu as grandes liñas estratéxicas para o uso dos fondos estruturais e de investimento europeos.

Por outro lado, o Regulamento (UE) n.º 508/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio de 2014, relativo ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca, e polo que se derrogan os regulamentos (CE) n.º 2328/2003, (CE) n.º 861/2006, (CE) n.º 1198/2006 e (CE) n.º 791/2007 do Consello, e o Regulamento (UE) n.º 1255/2011 do Parlamento Europeo e do Consello (Regulamento FEMP), establece no seu artigo 6 como prioridade fomentar a comercialización e a transformación a través da mellora da organización dos mercados da pesca e da acuicultura e a través da incentivación dos investimentos nos sectores da transformación e a comercialización. O capítulo IV do título V do FEMP, concretamente nos seus artigos 66 a 68.1.a), establece o apoio ás medidas que poderán levar a cabo, de maneira exclusiva, as organizacións profesionais, sobre as cales versa este real decreto.

Así mesmo, o Regulamento (UE) n.º 1380/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de decembro de 2013, sobre a política pesqueira común, polo que se modifican os

regulamentos (CE) n.º 1954/2003 e (CE) n.º 1224/2009 do Consello, e se derrogan os regulamentos (CE) n.º 2371/2002 e (CE) n.º 639/2004 do Consello, e a Decisión 2004/585/CE do Consello, establece no seu artigo 35 a creación dunha organización común de mercados, de maneira que as actividades da produción pesqueira e acuícola, incluídas a transformación e a comercialización, sexan economicamente viables e competitivas, tendo as organizacións profesionais encomendado un importante papel para atinxir os obxectivos da política pesqueira común.

Esta organización común de mercados régulase no Regulamento (UE) n.º 1379/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de decembro de 2013, polo que se establece a organización común de mercados no sector dos produtos da pesca e da acuicultura, se modifican os regulamentos (CE) n.º 1184/2006 e (CE) n.º 1224/2009 do Consello, e se derroga o Regulamento (CE) n.º 104/2000 (OCM), e foi desenvolvido parcialmente polo Regulamento de execución (UE) n.º 1418/2013 da Comisión, do 17 de decembro de 2013, relativo aos plans de produción e comercialización en virtude do Regulamento (UE) n.º 1379/2013, e polo Regulamento de execución (UE) n.º 1419/2013 da Comisión, do 17 de decembro, relativo ao recoñecemento das organizacións de produtores e das organizacións interprofesionais, á aplicación extensiva das normas das organizacións de produtores e das organizacións interprofesionais e á publicación dos prezos de activación, de conformidade co Regulamento (UE) n.º 1379/2013.

Dado este marco normativo europeo, as organizacións profesionais no sector dos produtos da pesca e da acuicultura recollidas na OCM foron establecidas e reguladas no plano interno mediante o Real decreto 277/2016, do 24 de xuño, polo que se regulan as organizacións profesionais no sector dos produtos da pesca e da acuicultura, no cal se especifica o seu funcionamento e as medidas que poden aplicar.

Estas organizacións profesionais no sector dos produtos da pesca e da acuicultura recollidas na OCM son as organizacións de produtores pesqueiros (OPP), as asociacións de organizacións de produtores pesqueiros (AOP) e as organizacións interprofesionais do sector pesqueiro (OIP).

Polo demais, no Programa operativo para España do FEMP para o período de programación 2014-2020, aprobado pola Decisión da Comisión do 13 de novembro de 2015, programouse o apoio do FEMP para as medidas relacionadas coa comercialización e a transformación. Estas medidas, que este real decreto desenvolve, xorden pola necesidade de mellorar a competitividade das organizacións profesionais, potenciando a súa creación e reestruturación, o financiamento dos plans de produción e comercialización (PPEC) e o apoio á regulación do mercado a través do mecanismo de almacenamento.

Así, o primeiro Comité de Seguimento do FEMP, celebrado o 17 de febreiro de 2016, aprobou os criterios de selección xerais das axudas do FEMP indicados no programa operativo. Posteriormente, o citado comité aprobou os criterios de selección específicos para os artigos 66 a 68 do FEMP, así como o plan de información e publicidade. Estes criterios aseguran alcanzar os obxectivos e resultados da prioridade recollida no artigo 6.5.a) do FEMP. En todo caso, estes criterios de selección aprobados velarán por promover a igualdade entre homes e mulleres e a non discriminación, así como perseguir un desenvolvemento sustentable, en virtude dos artigos 7 e 8 do Regulamento RDC, horizontal, por tanto, para todas as medidas cofinanciadas con fondos europeos.

O Programa operativo do FEMP para o Reino de España establece que a Dirección Xeral de Ordenación Pesqueira actuará como autoridade de xestión do FEMP, tendo sido designada de modo formal para tal fin no 29 de xullo de 2016. Do mesmo modo, a Subdirección Xeral de Economía, entre outras, ocuparase das medidas incluídas nos artigos 66 a 68 do FEMP. Estas medidas detállanse na súa descrición de sistemas e manual de procedemento interno, de acordo cos principios de xestión e control recollidos no artigo 72 do Regulamento RDC. A citada subdirección xeral, no marco do plan de información e publicidade aprobado, cumpre cos requisitos de información aos beneficiarios potenciais coas presentes bases reguladoras.

As liñas de axuda que agora se recollen son as dedicadas á preparación e aplicación dos plans de produción e comercialización (PPEC), á utilización do mecanismo de almacenamento e á creación ou reestruturación. A súa caracterización é a seguinte:

En primeiro lugar, as axudas relativas aos actuais PPEC, así como o actual mecanismo de almacenamento, encontrábanse recollidas no anterior Fondo Europeo Agrícola de Garantía (Feaga), cuxa vixencia finalizou en 2014. Dado que estas medidas non tiñan reflexo no Fondo Europeo de Pesca, que se aplicou até o 31 de decembro de 2015, aínda que si no FEMP, cuxa aplicación comeza o 1 de xaneiro de 2014, non se puideron conceder até a data polo propio calendario de implantación do FEMP. A fin de levar á práctica tales axudas no noso país, publícanse agora as presentes normas comúns e bases destas liñas de axudas.

Débase destacar, así mesmo, que dado que a obrigatoriedade de presentar un PPEC ou o uso do mecanismo de almacenamento xa se establecía desde o ano 2014, segundo os artigos 28 a 30 da OCM, e que a implantación efectiva do FEMP será un feito en 2017, as OPP tiveron que afrontar unha serie de investimentos durante os anos 2014, 2015 e 2016, polo que a Comisión, a requirimento do Reino de España, indicou que estas operacións, tal e como establece o artigo 65.6 do Regulamento RDC, serán subvencionables desde o ano 2014, e así quedou indicado no Programa operativo do FEMP para España e, en consecuencia, neste real decreto.

No caso dos PPEC, regulados no artigo 66 do FEMP, a Comisión Europea considera que a preparación, a realización, a elaboración de informes e actualizacións do plan e dos informes se consideran unha única operación para efectos do disposto no artigo 65.6 do Regulamento RDC, polo que serán subvencionables os informes anuais dos PPEC aprobados con anterioridade á entrada en vigor do presente real decreto e ao abeiro da convocatoria correspondente.

En segundo lugar, no caso da axuda ao almacenamento en virtude do artigo 67 do FEMP, considerárase unha única operación para efectos do disposto no artigo 65.6 do Regulamento RDC, desde o 1 de xaneiro de 2014 e até a finalización do mecanismo, e é, por tanto, conforme co Programa operativo do FEMP.

En terceiro lugar, tamén se fomentará o apoio á creación de organizacións profesionais, regulada no artigo 68.1.a) do FEMP, así como a reestruturación de OPP e AOP, que será equivalente á creación, segundo establece o artigo 15 da OCM e no artigo 2.3.i) do Real decreto 277/2016, do 24 de xuño, tamén desde 2014.

Neste caso, a duración da operación de creación e reestruturación, para efectos do disposto no artigo 65.6 do Regulamento RDC, comezará o día da data da resolución da Administración competente que reflicta o recoñecemento ou a aprobación do plan de reestruturación, cunha duración de cinco anos desde o feito indicado ou, en todo caso, co límite do 31 de decembro de 2023.

A este respecto, débese salientar que as axudas outorgadas por este real decreto á creación de OIP son innovadoras no noso ordenamento xurídico, xa que se toma como criterio para o cálculo da axuda o valor da produción da rama produtora. A súa introdución no sistema español propiciará unha mellor articulación do sector, en liña coas prioridades da Administración pesqueira e alimentaria, a fin tamén de lograr un mellor e máis sustentable equilibrio na cadea alimentaria.

Por último, débese destacar que estas axudas son cofinanciadas pola Unión Europea a través do FEMP e, pola súa natureza, son axudas compatibles co mercado interior, e cumpren o disposto polos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea e segundo o disposto na Comunicación da Comisión (2015/C 217/01), publicada no Diario Oficial de la Unión Europea do 2 de xullo de 2015, relativa ás directrices sobre axudas estatais para o sector dos produtos da pesca e da acuicultura.

A presente norma, así mesmo, levou a termo un importante labor de coordinación co resto das administracións implicadas e de simplificación da actividade administrativa e redución de cargas innecesarias.

Así, conforme o artigo 6 do Real decreto 277/2016, do 24 de xuño, tanto a Secretaría Xeral de Pesca como as comunidades autónomas e as organizacións profesionais do

sector pesqueiro utilizarán o sistema informático de xestión e funcionamento de organizacións profesionais (aplicación OPPEs) para unha mellor xestión das medidas recollidas na OCM. Esta ferramenta informática mellorará a coherencia da actuación dos diferentes actores implicados, así como a eficiencia na xestión dos recursos públicos en todas as liñas de axudas agora establecidas.

En efecto, no caso dos PPEC a aplicación OPPEs permitirá un completo seguimento das medidas con contido económico aprobadas neles e concretadas nos informes anuais, garantindo a súa completa rastrexabilidade. No caso do mecanismo de almacenamento, e a fin garantir o adecuado cálculo e elixibilidade, quedarán incorporados ao dito sistema informático todos os almacenamentos desde o 1 de xaneiro de 2014. As OPP ou AOP que utilicen este mecanismo deberán introducir toda a información que sexa necesaria na aplicación OPPEs para garantir a elixibilidade dos almacenamentos efectuados.

Ademais, tanto no caso dos PPEC como do mecanismo de almacenamento, a xustificación documental poderase realizar mediante un informe de auditor, segundo recolle a Orde EHA/1434/2007, do 17 de maio, pola que se aproba a norma de actuación dos auditores de contas na realización dos traballos de revisión de contas xustificativas de subvencións, no ámbito do sector público estatal, previstos no artigo 74 do Regulamento de desenvolvemento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, aprobado mediante o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, ou mediante xustificación telemática. En ambos os casos, esta xustificación deberá ser concordante cos datos da aplicación OPPEs.

Canto ao contido deste real decreto, débese destacar que se compón de dúas partes netamente diferenciadas.

Mentres que a primeira se ocupa das disposicións xerais e do marco normativo básico das liñas de axudas agora previstas (PPEC, mecanismo de almacenamento e creación e reestruturación de organizacións profesionais), a segunda ocúpase dos pormenores das axudas que xestionará a Administración xeral do Estado, e incorpora as bases reguladoras de cada axuda, que se dividen, pola súa vez, en disposicións comúns para todas as liñas de axudas e regulacións específicas en función de cada unha delas, o que se complementa cun anexo que recolle os detalles dos gastos subvencionables e non subvencionables.

Xunto con ese contido esencial, o real decreto incorpora algunhas disposicións adicionais e derradeiras, nas cales se recolle o seguinte contido.

Por un lado, incorpórase un réxime especial de xustificación das axudas, en especial no relativo aos PPEC, polo que as organizacións poidan solicitar á súa Administración competente e, por unha soa vez, que os plans de produción e comercialización e os seus informes anuais correspondentes aos anos 2014, 2015 e 2016 se poidan modificar para adaptarse ao disposto neste real decreto.

Por outro lado, incorpóranse algunhas modificacións puntuais en dous reais decretos relacionados co que agora se aproba. Por un lado, ao Real decreto 418/2015, do 29 de maio, polo que se regula a primeira venda dos produtos pesqueiros, engádeselle como excepción ao paso obrigatorio por lonxa dos produtos pesqueiros aqueles procedentes da modalidade de pesca de almadraba, dada a súa especial natureza, incorpórase no artigo 12.2 unha nova redacción co fin de establecer a transmisión en tempo real da información xerada con ocasión da primeira venda, e amplíase o prazo de adaptación da súa disposición transitoria única até o 31 de decembro de 2017, a fin de adaptarse ao disposto no citado artigo 12.2. Por outro lado, modifícase tamén o Real decreto 277/2016, do 24 de xuño, engadindo a conxelación xunto á salga e a mariñada aos produtos que poden superar os catro meses na súa reintrodución ao mercado, a fin de mellorar a rendibilidade das OPP e AOP que utilicen o mecanismo de almacenamento, e habilítase o control de todas as organizacións profesionais, establecendo unha auditoría bienal das organizacións de produtores pesqueiros. Así mesmo, amplíase o contido da aplicación informática para incorporar as confrarías de pescadores e as súas federacións, así como outras organizacións representativas da produción primaria.

Por outra parte, debido ao atraso na publicación deste real decreto, debido en parte ao atraso tamén producido na aplicación do instrumento financeiro do FEMP, e unha vez aprobados os criterios de selección polo Comité de Seguimento, as comunidades

autónomas de Galicia e Andalucía optaron por publicar convocatorias de axudas ás organizacións profesionais de ámbito autonómico con anterioridade á súa publicación. Así, débense citar para o caso galego as ordes do 28 de outubro de 2016 (DOG número 218) e do 31 de decembro de 2016 (DOG número 17), que aprobaron as bases e a convocatoria para 2016 e 2017, respectivamente, para a concesión de subvencións ás organizacións de produtores pesqueiros e asociacións de organizacións de produtores pesqueiros do sector da pesca e da acuicultura para a preparación e aplicación dos plans de produción e comercialización, financiadas co FEMP. No caso andaluz, convocáronse mediante a Orde do 10 de xullo de 2017 (BOJA número 134), pola que se establecen as axudas previstas ao abeiro de bases reguladoras para a concesión de subvencións ás organizacións profesionais no sector dos produtos da pesca e da acuicultura, no marco do Programa operativo do FEMP. En ambos os casos, as ordes foron elaboradas tendo como referencia o proxecto normativo que agora se aproba. As citadas convocatorias das comunidades autónomas de Galicia e Andalucía difiren na regulación dalgúns aspectos moi concretos do marco regulador establecido no título I deste real decreto, pero non contraveñen ningunha normativa nacional nin europea, senón que son aspectos en que as comunidades autónomas teñen competencias para determinar as contías que poden percibir as OPP pola realización das actividades obxecto de subvención. Por tanto, a disposición transitoria non fai senón validar esas convocatorias naquelas cuestións menores que difiren do marco regulador que agora se aproba.

É de destacar que resulta esencial determinar o órgano competente para a xestión das axudas, por seguranza xurídica e para evitar un fraccionamento da xestión, sinalando, por tanto, o punto de conexión que permitirá a atribución da responsabilidade competencial, especialmente tendo en conta que as comunidades autónomas teñen competencias de xestión respecto das OPP e AOP de ámbito autonómico e o Estado respecto das de ámbito nacional e transnacional, e que as ditas OPP e AOP poden cambiar o seu ámbito de actuación, por reestruturación, ao longo do período de programación.

Ademais, dado que as ditas axudas se conceden para longos períodos de duración, que se computan desde o 1 de xaneiro de 2014, e que, como consecuencia da reestruturación, nuns casos nos achamos ante novas OPP ou AOP e noutros non, é esencial que esas OPP e AOP dispoñan dun coñecemento certo do procedemento que se segue tanto para presentar PPEC e informes anuais como para obter as axudas, dependendo do tipo de reestruturación seguido.

Así mesmo, de acordo co artigo 17.1 do Real decreto 277/2016, do 24 de xuño, e en consonancia co Programa operativo do FEMP e cos criterios de selección aprobados polo Comité de Seguimento, determínase que é o Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente o competente para a xestión das axudas asociadas ao mecanismo de almacenamento, xa sexan OPP e AOP de ámbito nacional, transnacional ou autonómico.

A este respecto, e tendo en conta a doutrina do Tribunal Constitucional, prevese a xestión centralizada dos fondos que se destinan ás subvencións determinadas no presente real decreto para o mecanismo de almacenamento como o medio máis apropiado para asegurar a plena efectividade das medidas dentro da ordenación básica do sector, e para garantir as mesmas posibilidades de obtención e desfrute por parte dos seus potenciais destinatarios en todo o territorio nacional, mediante o establecemento duns criterios uniformes para o acceso ás axudas, fundamentais neste suposto en que a axuda non se encontra compartimentada, senón que se estende ao conxunto do sistema produtivo, sendo ao mesmo tempo un medio necesario para evitar que a contía global destas axudas exceda os fondos da Unión Europea dedicados a elas. Por outra parte, esta modalidade de xestión está avalada polo feito de as actuacións de fomento, cuxa realización pretende esta norma, afectaren o conxunto do sector, polo que unicamente teñen sentido se se mantén o seu carácter supraterritorial.

A este respecto e de acordo coa reiterada xurisprudencia constitucional en materia de axudas públicas, neste real decreto danse as circunstancias que amparan a centralización das axudas, conforme o «cuarto suposto» da Sentenza do Tribunal Constitucional 13/1992,

no seu fundamento xurídico 8.D), descritas no parágrafo anterior, e corresponde, por tanto, a xestión centralizada cando resulte imprescindible para asegurar a plena efectividade das medidas de fomento dentro da ordenación básica do sector, para garantir as mesmas posibilidades de obtención e desfrute delas aos seus destinatarios potenciais en todo o territorio nacional, sendo ao mesmo tempo un medio necesario para evitar que se exceda a contía global dos fondos ou créditos que se destinasen ao sector (SSTC 95/1986; 152/1988 e 201/1988).

En efecto, o mecanismo de almacenamento é xestionado polo Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, con base no artigo 149.1.13.^a da Constitución española, que atribúe ao Estado a competencia sobre as bases e a coordinación xeral da actividade económica.

Con palabras da Sentenza do Tribunal Constitucional 45/2001, do 15 de febreiro, «o artigo 149.1.13.^a CE pode amparar tanto normas estatais que fixen as liñas directrices e os criterios globais de ordenación de sectores económicos concretos, como previsións de accións ou medidas singulares indispensables para alcanzar os fins propostos nesa ordenación (STC 155/1996, do 9 de outubro, F.4 e xurisprudencia nela citada)». En definitiva, o Estado ten reservada, polo mencionado artigo 149.1.13.^a, unha competencia de dirección na cal teñen abeiro normas básicas e, así mesmo, previsións de accións ou medidas singulares que sexan necesarias para alcanzar os fins propostos dentro da ordenación do sector (STC 117/1992, do 16 de setembro).

Isto débese ao seu carácter transversal xa que, aínda existindo unha competencia sobre un subsector económico que unha comunidade autónoma asumiu como «exclusiva» no seu estatuto, esta atribución competencial non exclúe a competencia estatal para establecer as bases e a coordinación dese subsector, e que o exercicio autonómico desta competencia exclusiva pode estar condicionado por medidas estatais que, en exercicio dunha competencia propia e diferenciada, poden despregarse autonomamente sobre diversos campos ou materias, sempre que o fin perseguido responda efectivamente a un obxectivo de planificación económica (STC 74/2014, do 8 de maio).

A doutrina sobre a utilización da supraterritorialidade como criterio de atribución de competencias ao Estado lémbrese na STC 27/2014, do 13 de febreiro, FX 4, nos termos seguintes: «a utilización da supraterritorialidade como criterio determinante para a atribución ou o traslado da titularidade de competencias ao Estado en ámbitos, en principio, reservados ás competencias autonómicas ten, segundo a nosa doutrina, carácter excepcional, de maneira que só poderá ter lugar «cando non caiba establecer ningún punto de conexión que permita o exercicio das competencias autonómicas ou cando, ademais do carácter supraautonómico do fenómeno obxecto da competencia, non sexa posible o fraccionamento da actividade pública exercida sobre el e, aínda neste caso, sempre que tal actuación tampouco se poida exercer mediante mecanismos de cooperación ou de coordinación e, por isto, requira un grao de homoxeneidade que só poida garantir a súa atribución a un único titular, forzosamente o Estado, e cando sexa necesario recorrer a un ente supraordenado con capacidade de integrar intereses contrapostos dos seus compoñentes parciais, sen esquecer o perigo inminente de danos irreparables, que nos sitúa no terreo do estado de necesidade (STC 102/1995, do 26 de xuño, FX 8)» (STC 35/2012, FX 5, con cita da STC 194/2011, FX 5)».

O artigo 149.1.13.^a CE pode, por tanto, en determinados casos xustificar a reserva de funcións executivas ao Estado e tamén permitir o uso da supraterritorialidade como título atributivo de competencias ao Estado, pero para que tal suposto poida ser considerado conforme a orde competencial débense cumprir dúas condicións: que resulte preciso que a actuación de que se trate quede reservada ao Estado para garantir así o cumprimento da finalidade de ordenación económica que se persegue, a cal non podería conseguirse sen esa reserva, e, por outro lado, que o uso do criterio supraterritorial resulte xustificado nos termos da nosa doutrina, isto é, atendendo tanto ás razóns achegadas como á congruencia da reserva da función co réxime da norma.

De acordo coa doutrina do Alto Tribunal e co Real decreto 277/2016, do 24 de xuño, a xestión centralizada polo Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente

garante a aplicación da axuda pola utilización do mecanismo de almacenamento con criterios uniformes, evitando o fraccionamento no acceso a estas axudas e favorecendo, por tanto, que existan idénticas posibilidades de obtención e desfrute por parte dos potenciais destinatarios que radican en distintas comunidades autónomas.

Débase ter presente que o mecanismo de almacenamento é unha rede de seguranza para o produtor, de maneira que pode adiar a venda do seu produto a un momento posterior, unha vez estabilizado. A operativa habitual deste mecanismo, e segundo o indicado no seguinte parágrafo, xa que en ocasións o produto se desembarca nunha comunidade autónoma e se almacena noutra, fai necesaria unha xestión centralizada para garantir o acceso ás axudas correspondentes. Do mesmo modo, non existe obrigatoriedade ningunha de comercializar en certa comunidade autónoma o almacenado ou o desembarcado nela. O mercado é unitario como tamén o é o mar, que tan só se divide para meros efectos de protección e control en pesqueiras e que, por tanto, non se corresponde coa división provincial nin, por tanto, autonómica, xa que o mar non está adscrito, como é sabido, a termo municipal ningún e que só en concretas ocasións permite a proxección de competencias autonómicas sobre a súa superficie.

Así mesmo, a competencia antes da primeira venda corresponde á Administración xeral do Estado, segundo a Lei 3/2001, do 26 de marzo, de pesca marítima do Estado. Dado que ademais as organizacións profesionais correspondentes poden efectuar transportes entre comunidades autónomas, previos á primeira venda dos produtos pesqueiros, segundo o disposto no Real decreto 418/2015, do 29 de maio, polo que se regula a primeira venda dos produtos pesqueiros, xustifícase que a xestión desta axuda sexa feita polo Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente. Así mesmo, débese ter presente que a xestión do mercado dos produtos pesqueiros non se pode residenciar nas comunidades autónomas sen menoscabar seriamente o fin para o cal tanto a normativa como os fondos europeos propuxeron esta medida, pois con isto xerárase unha división interna no mercado totalmente artificial, pois non habendo vinculación entre o lugar de pesca, o de descarga, o porto base do buque e o de almacenamento, nin entre estes e o de mercado efectivo após a primeira venda, unha división territorial dos sistemas de almacenamento, que pola súa propia natureza teñen que prestar un servizo adecuado ás necesidades do mercado en cada momento, carretaría un baleiramento do fin para o cal se crearon. Polo demais, non existe outro medio nestes casos para garantir as iguais posibilidades de obtención por todos os potenciais destinatarios, que se verían clara e inxustificadamente prexudicados ou beneficiados en función das condicións conxunturais, non atribuíbles a criterios obxectivos ou de efectiva división territorial e funcional do seu despregamento, do despregamento territorial dos lugares para a súa execución e non da necesidade en función das condicións xerais do mercado, que non se acha, nin pode, dividido territorialmente en virtude do principio de unidade de mercado que a Constitución proclama e o dereito da Unión ampliou e afianzou.

En relación co rango da norma e segundo o teor da reiterada xurisprudencia constitucional (STC 175/2003, do 30 de setembro) (STC 156/2011, do 18 de outubro), resulta adecuado para a súa regulación establecela mediante real decreto, ao establecer normativa básica. Así mesmo, desde o punto de vista formal para o rango da norma, a doutrina do Tribunal Constitucional exige o establecemento das bases reguladoras de subvencións mediante unha norma con rango de lei ou real decreto; así, na súa Sentenza 156/2011, do 18 de outubro (FX 7), afirma que «canto á perspectiva formal, a regulación subvencional que nos ocupa debe tamén satisfacer as exixencias formais da normativa básica contidas na antes reproducida STC 69/1988, FX 5. Desde tal perspectiva formal, hai que partir de que nas materias de competencia compartida en que, como ocorre neste caso, corresponde ao Estado o establecemento das normas básicas e ás comunidades autónomas o desenvolvemento normativo e a execución desas bases, a instrumentación dos programas subvencionais debe facerse co soporte da lei formal sempre que sexa posible ou, en todo caso, a través dunha norma regulamentaria do Goberno que regule os aspectos centrais do réxime xurídico das subvencións, que debe comprender, ao menos, o obxecto e finalidade das axudas, a súa modalidade ou modalidades técnicas, os suxeitos

beneficiarios e os requisitos esenciais de acceso... Este criterio respecto á cobertura formal da normativa básica debe ser exixido, mesmo con maior rigor, nos supostos de subvencións estatais centralizadas nos ámbitos materiais en que a Constitución reserva ao Estado a normativa básica, por canto esa xestión centralizada se erixe en excepción que limita o exercicio ordinario ás comunidades autónomas das súas competencias».

Así mesmo, este real decreto fundaméntase no relativo á regulación das axudas á creación e reestruturación de organizacións profesionais conxuntamente ao abeiro do artigo 149.1.19.^a da Constitución española en materia de bases de ordenación do sector pesqueiro.

Dado que se van establecer como normativa básica aspectos derivados da normativa comunitaria, en especial da OCM e do FEMP, en consonancia co Real decreto 277/2016, do 24 de xuño, e dado que as axudas pola utilización do mecanismo de almacenamento se outorgarán ás organizacións de produtores pesqueiros e ás súas asociacións, xa sexan de competencia nacional ou autonómica de maneira centralizada, o rango de real decreto é o adecuado.

Por outro lado, o presente real decreto incorpora unha serie de derogacións sobre a base dos principios de mellora regulatoria e de seguranza xurídica dos destinatarios, ben que tales normas perderan a vixencia de modo tácito con ocasión da aprobación doutras normas posteriores.

Finalmente, segundo o disposto no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo das administracións públicas, o presente real decreto adécuase aos principios de boa regulación, xa que ten por obxecto dar resposta ás necesidades das organizacións profesionais do sector dos produtos da pesca e da acuicultura proporcionando a seguranza xurídica necesaria para asegurar o seu adecuado funcionamento e investimentos que poidan levar a cabo, no marco do FEMP e a OCM.

O presente real decreto dítase de conformidade co establecido nos artigos 17 e concordantes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, xunto co disposto na disposición derradeira segunda da Lei 3/2001, do 26 de marzo, de pesca marítima do Estado, e na Lei 38/1994, do 30 de decembro, reguladora das organizacións interprofesionais agroalimentarias, que facultan o Goberno para o seu desenvolvemento regulamentario.

Na elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e o sector pesqueiro afectado e emitiron informe a Avogacía do Estado e a Intervención Delegada no departamento, de acordo co disposto polo artigo 17.1 da Lei 38/2003, do 17 de novembro.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, coa aprobación previa do Ministerio de Facenda e Función Pública, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 3 de novembro de 2017,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. O presente real decreto ten por obxecto:

a) Por unha parte, regular con carácter básico disposicións xerais respecto das axudas ás organizacións de produtores pesqueiros (OPP), ás asociacións de organizacións de produtores pesqueiros (AOP) e ás organizacións interprofesionais do sector pesqueiro (OIP), fixando o punto de conexión territorial para a determinación da autoridade competente respectiva, no marco do disposto no Regulamento (UE) n.º 1379/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de decembro de 2013, polo que se establece a organización común de mercados no sector dos produtos da pesca e da acuicultura, se modifican os regulamentos (CE) n.º 1184/2006 e (CE) n.º 1224/2009 do Consello e se derroga o Regulamento (CE) n.º 104/2000 do Consello, e disposicións concordantes (Regulamento OCM).

b) Por outra parte, regular con carácter básico os importes máximos de financiamento e os requisitos que deben cumprir todas as organizacións para a obtención das axudas previstas nos artigos 66 a 68 do Regulamento (UE) n.º 508/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio de 2014, relativo ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca, e polo que se derrogan os regulamentos (CE) n.º 2328/2003, (CE) n.º 861/2006, (CE) n.º 1198/2006 e (CE) n.º 791/2007 do Consello, e o Regulamento (UE) n.º 1255/2011 do Parlamento Europeo e do Consello (Regulamento FEMP), aos plans de produción e comercialización, ao mecanismo de almacenamento e á creación e reestruturación de organizacións profesionais, segundo proceda, do sector dos produtos da pesca e da acuicultura, con independencia do seu ámbito de actuación.

c) Por último, establecer as bases reguladoras das subvencións que corresponde xestionar á Administración xeral do Estado conforme o disposto neste real decreto, para:

1.º Axudas á preparación e aplicación dos plans de produción e comercialización (PPEC) das OPP e, se for o caso, das AOP, segundo establece a sección IV do capítulo II do Regulamento (UE) n.º 1379/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de decembro de 2013, e o artigo 66 do Regulamento (UE) n.º 508/2014, e o artigo 15.5 do Real decreto 277/2016, do 24 de xuño;

2.º Axudas pola utilización do mecanismo de almacenamento, levado a cabo por OPP e, se for o caso, AOP, segundo establece a sección V do capítulo II do Regulamento (UE) n.º 1379/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de decembro de 2013, e o artigo 67 do Regulamento (UE) n.º 508/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio de 2014, e o artigo 17.5 do Real decreto 277/2016, do 24 de xuño;

3.º Axudas por creación ou reestruturación de OPP e AOP, así como pola creación das OIP, segundo establece o artigo 15 do Regulamento (UE) n.º 1379/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de decembro de 2013, e o artigo 68.1.a) do Regulamento (UE) n.º 508/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio de 2014, e os artigos 2.3.i), 3.10, 4.8 e 5.6 do Real decreto 277/2016, do 24 de xuño.

2. As actuacións obxecto de axuda enmárcanse no Programa operativo FEMP para o Reino de España, dentro da prioridade 5 do artigo 6 do FEMP.

TÍTULO I

Disposicións comúns

Artigo 2. *Definicións.*

1. Ademais das definicións establecidas no Real decreto 277/2016, do 24 de xuño, aplicaranse as seguintes:

a) Administración competente: o órgano competente da comunidade autónoma respecto das OPP ou AOP autonómicas, entendidas por tales aquelas cuxo ámbito de aplicación se limite ao territorio dunha comunidade autónoma; a Administración xeral do Estado respecto das OPP ou AOP de ámbito superior a unha comunidade autónoma, xa sexa nacional ou transnacional.

Non obstante, cando como resultado do proceso de reestruturación a OPP ou AOP cambie de Administración competente, aplicaranse as seguintes regras:

1.ª Será competente a Administración de orixe para a totalidade das actuacións correspondentes aos PPEC até o 31 de decembro do ano en que se fai efectiva a reestruturación, así como os seus correspondentes informes anuais.

2.ª Será competente a Administración de destino para a totalidade das actuacións correspondentes aos PPEC a partir do 1 de xaneiro do ano seguinte ao de se facer efectiva a reestruturación, así como dos seus correspondentes informes anuais.

Non obstante, a Administración xeral do Estado será a competente en todo caso para as axudas relativas ao mecanismo de almacenamento reguladas neste real decreto.

b) Administración de orixe: Administración ante a cal a OPP ou AOP se encontra recoñecida con carácter previo ao proceso de reestruturación.

c) Administración de destino: Administración que devén competente como consecuencia da reestruturación da OPP ou AOP.

d) Reestruturación por fusión de OPP ou AOP: integra todos os supostos de reestruturación por unión de dúas ou máis OPP ou AOP para actuar de forma unificada, xa sexa por fusión ou absorción de todas elas nunha única entidade, logo de perda de personalidade de todas as fusionadas ou das absorbidas no proceso de absorción, xa se trate de integración entre estas sen perda de personalidade xurídica de ningunha delas, e isto con independencia da forma de incorporación de unidades produtivas ou do ámbito de actuación autonómico, nacional ou transnacional resultante do proceso.

e) Reestruturación por escisión de OPP ou AOP: proceso de separación dunha OPP ou AOP, sexa por escisión total, por división dunha en dúas ou máis OPP ou AOP, sexa por escisión parcial, cando unha entidade segrega unha das súas partes, que ou ben se incorpora a outra OPP ou AOP ou ben desaparece, e isto con independencia da segregación de unidades produtivas ou do ámbito de actuación autonómico, nacional ou transnacional resultante do proceso.

Artigo 3. *Requisitos xerais dos beneficiarios e actuacións subvencionables.*

1. Os solicitantes das subvencións deberán cumprir, como mínimo, os seguintes requisitos xerais, sen prexuízo dos demais específicos que figuran nas respectivas liñas de axuda deste real decreto:

a) Axustarse á metodoloxía que sinala a convocatoria para determinar os custos da operación e as condicións de pagamento da subvención.

b) Levar a cabo a duración da operación establecida, se for o caso, na convocatoria.

c) Cumprir coa información financeira e adicional que ten que conservar, comunicar e facilitar cando sexa requirido, así como co mantemento e dispoñibilidade da documentación, sen prexuízo do establecido na alínea g).

d) Aceptar a axuda, o que implica a inclusión nunha lista pública de operacións.

e) Manter a condición de beneficiario, cumprindo os requisitos de admisibilidade previstos no artigo 10 do FEMP, e no Regulamento delegado (UE) 2015/288 da Comisión, do 17 de decembro de 2014, polo que se complementa o Regulamento FEMP.

f) Cumprir o disposto nos artigos 71 e 140 do Regulamento (UE) n.º 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e polo que se establecen disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e se derroga o Regulamento (CE) n.º 1083/2006 do Consello (Regulamento RDC).

g) Cumprir o disposto no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

h) Cumprir coa garantía sobre a capacidade administrativa e financeira establecida, se for o caso, na convocatoria.

i) Someterse a actuacións de control dos distintos órganos competentes.

j) Consignar e actualizar os indicadores relativos ao proxecto, segundo indique a convocatoria.

k) Levar unha contabilidade separada, ou dispor dun código contable adecuado das transaccións relacionadas coas operacións obxecto de financiamento, que permita distinguir o gasto público cofinanciado polo FEMP e a parte nacional.

l) Asumir as responsabilidades que lle correspondan e que figuren en cada convocatoria.

2. A Administración competente deberá asegurarse de que todos os potenciais beneficiarios son informados adecuadamente destes aspectos.

3. Serán subvencionables os gastos referidos no artigo 65, números 2 e 6, do Regulamento RDC.

Non obstante o disposto no número 6, as axudas a PPEC e a almacenamento consideraranse unha única operación, polo que para os PPEC serán subvencionables os gastos efectuados e reflectidos nos informes anuais dos PPEC aprobados con anterioridade á entrada en vigor do presente real decreto e ao abeiro da convocatoria correspondente, e para a axuda ao almacenamento computarase desde o 1 de xaneiro de 2014 até a finalización do mecanismo, e é, por tanto, conforme co Programa operativo do FEMP.

Artigo 4. *Requisitos específicos e cálculo para a liña de axudas aos plans de produción e comercialización.*

1. Para os efectos da percepción das axudas previstas no artigo 66 do FEMP, consideraranse elixibles os importes das medidas previamente aprobadas no PPEC pola Administración competente, efectivamente executadas nos informes anuais regulados no artigo 15 do Real decreto 277/2016, do 24 de xuño, e debidamente xustificadas segundo estableza a convocatoria correspondente.

2. A axuda concedida non poderá superar o 3 % do valor medio anual da produción comercializada pola OPP ou AOP durante os tres anos civís anteriores á resolución de aprobación do PPEC correspondente ao ano que proceda.

3. Para o cálculo da produción indicado no número anterior, entenderase a suma do valor da produción comercializada por cada un dos membros no caso de OPP, ou a suma do valor da produción de cada un dos membros de cada OPP que compoñe unha AOP, segundo a declaración incluída no artigo 23.1.

O dito resultado cotexarase coa aplicación OPPES ou con outras fontes oficiais e, se existiren discrepancias, tomarase o valor destas últimas.

4. Potestativamente, e sempre que así o recolla a convocatoria, as administracións competentes poderán outorgar anticipos segundo o disposto no artigo 66.4 do FEMP, até un máximo do 50% dos custos elixibles, logo de constitución de garantías segundo estableza a súa normativa de aplicación. En consonancia co establecido no número 2, o anticipo non poderá superar o 1,5 % de valor medio anual da produción comercializada.

5. No caso da preparación do PPEC e, se for o caso, de cada informe anual, os gastos subvencionables por estes dous conceptos non poderán ser superiores a 4.000 euros por cada un destes documentos.

6. No caso da aplicación dos PPEC, cando as medidas teñan carácter económico, serán subvencionables en cada medida tanto as actividades do titular do proxecto como as actividades de xestión do proxecto indicadas no anexo, se así se reflectiu na resolución de aprobación do PPEC e do informe anual.

7. As medidas aprobadas no PPEC e posteriormente executadas e xustificadas no informe anual deberán contar coa calidade técnica necesaria. Potestativamente, o órgano instructor poderá solicitar un informe a outros organismos públicos para que avalíen se os traballos se axustan ao tempo e orzamento presentado no informe anual.

8. No caso de que se detecten traballos plaxiados a xuízo da comisión de valoración, ou de calidade insuficiente segundo o disposto no número anterior, a comisión de valoración informará de que esa medida non é elixible, sen prexuízo da aplicación da normativa antifraude que corresponda.

Artigo 5. *Normas en materia de subcontratación de plans de produción e comercialización.*

1. Poderán ser obxecto de subcontratación aquelas actividades dos PPEC que formen parte da actuación subvencionada pero que non poidan ser realizadas pola OPP ou AOP correspondente de modo directo.

2. O orzamento global da actividade subcontratada poderá alcanzar o 100 % do orzamento do dito participante, salvo que a Administración competente dispoña outra porcentaxe nas súas bases reguladoras, e a subcontratación estará condicionada, nos supostos previstos no artigo 29.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, a que o contrato se celebre por escrito e estea previamente autorizado polo órgano de concesión.

Se for o caso, deberase cumprir o previsto no artigo 31.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro.

3. Sen prexuízo do establecido no número anterior, permítese expresamente que a resolución de aprobación do PPEC dos anos 2014, 2015, 2016 e 2017 constitúa a autorización previa da Administración competente para a subcontratación nos supostos indicados no artigo 29.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, sen prexuízo do cumprimento do establecido no artigo 29.7 da citada lei e no artigo 68 do Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo.

Ademais, autorízase que a subcontratación alcance o 10 % do importe desa actividade para os anos citados no parágrafo anterior.

4. Non se poderá subcontratar coas mesmas entidades beneficiarias que forman parte da organización ou estean vinculadas e ela, nin cando sexan entidades participantes no proceso de reestruturación, nin en ningún dos casos especificados no artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro.

5. Cada un dos beneficiarios é responsable de asegurar o cumprimento das normas de contratación pública que sexan de aplicación. En todos os casos se deben cumprir os principios básicos de transparencia, non discriminación e igualdade, de acordo co artigo 29 da Lei 38/2003, do 17 de novembro.

Non se permite a contratación entre os beneficiarios para a realización dunha medida recollida no PPEC, nin tampouco a contratación de traballadores dalgunha das entidades beneficiarias do proxecto como prestadores de servizos de profesionais externos e de asesoramento. Cando para a execución dunha medida do PPEC interveñan empresas vinculadas, estas non poderán participar como provedores ou prestadores de servizos, ou a súa actividade non será subvencionable.

Considéranse como entidades vinculadas, segundo o disposto no Regulamento (UE) n.º 651/2014 polo que se declaran determinadas categorías de axudas compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado, cando concorre algún dos seguintes supostos:

- a) Unha empresa posúe a maioría dos dereitos de voto dos accionistas ou socios da outra empresa.
- b) Unha empresa ten dereito a nomear ou revogar a maioría dos membros do órgano de administración, dirección ou control da outra empresa.
- c) Unha empresa ten dereito a exercer unha influencia dominante sobre outra, en virtude dun contrato celebrado con ela ou dunha cláusula estatutaria da segunda empresa.
- d) Unha empresa, accionista ou asociada a outra, controla soa, en virtude dun acordo celebrado con outros accionistas ou socios da segunda empresa, a maioría dos dereitos de voto dos seus accionistas ou socios.

Presumirase que non existe influencia dominante cando os investidores non teñan implicación directa ou indirecta na xestión da empresa en cuestión, sen prexuízo dos dereitos que lles correspondan na súa calidade de accionistas.

Tamén se considerarán empresas vinculadas as que manteñan algunha desas relacións a través dunha persoa física ou un grupo de persoas físicas que actúen de común acordo, se estas empresas exercen a súa actividade ou parte dela no mesmo mercado de referencia ou en mercados contiguos, considerando mercado contiguo o mercado dun produto ou servizo situado nunha posición inmediatamente anterior ou posterior á do mercado en cuestión.

6. No caso de obras, un funcionario designado pola Administración competente deberá levantar acta de non inicio, sempre a petición da OPP/AOP correspondente, antes de comezala.

A Administración competente determinará a pertinencia da petición, levantando a citada acta ou comunicando por escrito á organización profesional que non é necesario, segundo proceda.

En caso de non solicitar a dita acta, a medida non será subvencionable.

Artigo 6. Requisitos específicos e cálculo para a liña de axudas para a creación de organizacións profesionais e reestruturación de organizacións de produtores pesqueiros e asociacións de organizacións de produtores pesqueiros.

1. Para os efectos da percepción das axudas previstas no artigo 68.1.a) do Regulamento FEMP, no caso das OPP e AOP, xa sexa por creación ou reestruturación, a axuda concederáse durante os cinco primeiros anos contados desde o día seguinte ao da recepción da notificación da resolución favorable emitida pola Administración competente.

Estas axudas só se poderán outorgar cando a data de recepción da notificación da resolución favorable pola Administración competente sexa posterior ao 29 de decembro de 2013.

2. No caso de OPP e AOP, comprobarase o valor da produción de igual maneira que no artigo 4.3, e xustificarse por módulos, segundo o disposto no capítulo II do título II do Regulamento de desenvolvemento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, sendo o valor do módulo a produción comercializada.

Neste caso, a axuda concedida non poderá superar o 1 % do valor medio anual da produción comercializada pola OPP ou AOP durante os tres anos civís anteriores á resolución.

3. No caso das OIP, poderán percibir axudas exclusivamente para a súa creación e sempre que estean inscritas no Rexistro de Organizacións Interprofesionais Agroalimentarias establecido no artigo 14 da Lei 38/1994, do 30 de decembro, e o seu ámbito de actuación se estenda a todo o territorio nacional.

Estas axudas concederáse da mesma maneira que as indicadas para as OPP e AOP, considerando o valor da produción comercializada da rama produtora.

4. A axuda máxima por organización profesional e ano non poderá superar os 100.000 euros.

5. Poderán ser subvencionables todas as formas de reestruturación de OPP e AOP resultantes de procesos de fusión.

6. Só poderán ser obxecto de subvención as reestruturacións resultantes de procesos de escisión que resulten da división dunha OPP ou AOP sempre que a entidade de orixe non experimente un cambio de ámbito de aplicación.

Artigo 7. Normas en materia de reestruturacións.

1. A reestruturación dotará as OPP e AOP dunha nova organización que faga máis eficaz e máis rendible a súa actividade, adecuando a súa produción ás exixencias do mercado e contribuíndo ao cumprimento dos obxectivos da política pesqueira común.

Debe implicar unhas medidas de reorganización e de reaxuste que permitan á OPP ou AOP desenvolverse e adaptarse ás condicións cambiantes do mercado, accións que non son de índole puntual senón actuacións de carácter permanente que afecten a propia estrutura interna da organización de produtores.

2. A reestruturación débese realizar segundo o previsto no plan de reestruturación aprobado previamente pola Administración ou administracións de destino, segundo o disposto no Real decreto 277/2016, do 24 de xuño, e no Regulamento OCM.

O citado plan deberá expor a situación inicial de partida e realizar unha descrición detallada dos socios e medios de produción e dos obxectivos que se pretenden alcanzar coa reestruturación, que deberán ser conformes co disposto na OCM, segundo o disposto no número 1.

O plan de reestruturación deberase presentar ante a Administración de destino, que estudará a viabilidade da proposta.

3. O previsto neste artigo enténdese sen prexuízo do establecido na disposición adicional segunda.

Artigo 8. *Requisitos específicos en materia de presentación dos plans de produción e comercialización e informes anuais e da solicitude de axudas de OPP/AOP reestruturadas.*

1. Os PPEC das OPP ou AOP sometidas a procesos de reestruturación, tanto anuais como plurianuais, finalizarán o 31 de decembro do ano en que sexa ditada a resolución de reestruturación pola Administración competente.

As OPP ou AOP reestruturadas deberán presentar un novo PPEC ante a Administración competente resultante da reestruturación, segundo o disposto no artigo 14.3 do Real decreto 277/2016, do 24 de xuño.

O novo plan comezará a súa vixencia o 1 de xaneiro do ano seguinte a aquel en que se produza a reestruturación efectiva.

2. As OPP ou AOP reestruturadas deberán presentar os informes anuais dos PPEC que se aprobaron antes da reestruturación e cuxa vixencia termina o ano en que se fai efectiva, mesmo en nome de OPP/AOP extintas polo proceso de reestruturación, ante a Administración de orixe, e as novas subrogaranse nas obrigacións das OPP ou AOP orixinais desa reestruturación.

Os informes anuais derivados dos novos PPEC aprobados após a reestruturación serán presentados pola nova OPP ou AOP reestruturada ante a Administración de destino para a súa aprobación.

3. A instrución, resolución, pagamento e control da subvención por reestruturación corresponderán á Administración de destino.

Non obstante, a instrución, resolución, pagamento e control das axudas por PPEC outorgadas con anterioridade á reestruturación corresponderán á Administración de orixe.

TÍTULO II

Bases reguladoras das subvencións destinadas ás organizacións profesionais no marco do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca xestionadas polo Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente

CAPÍTULO I

Disposicións comúns a todas as liñas de axuda

Artigo 9. *Liñas de axudas.*

a) Establécense as seguintes liñas de axudas, que serán xestionadas polo Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente de acordo coas respectivas convocatorias, en concordancia co sinalado polos artigos 66 a 68 do FEMP, destinadas ás OPP e a AOP, inscritas no Rexistro de Organizacións de Produtores Pesqueiros e Asociacións de Organizacións de Produtores Pesqueiros, establecido no artigo 8 do Real decreto 277/2016, do 24 de xuño; e ás organizacións interprofesionais inscritas no Rexistro de Organizacións Interprofesionais Agroalimentarias, establecido no artigo 14 da Lei 38/1994, do 30 de decembro, de ámbito nacional.

b) Subvencións ás organizacións de produtores pesqueiros e asociacións de organizacións de produtores pesqueiros de ámbito nacional e transnacional, destinadas a realizar plans de produción e comercialización.

c) Subvencións ás organizacións de produtores pesqueiros e asociacións de organizacións de produtores pesqueiros de ámbito autonómico, nacional e transnacional, destinadas ao uso do mecanismo de almacenamento.

d) Subvencións ás organizacións de produtores pesqueiros e asociacións de organizacións de produtores pesqueiros, de ámbito nacional e transnacional, destinadas á súa creación e reestruturación.

e) Subvencións ás organizacións interprofesionais de ámbito nacional que cumpran os requisitos establecidos no Real decreto 277/2016, do 24 de xuño, destinadas á súa creación.

Artigo 10. *Financiamento e elixibilidade.*

1. O financiamento das subvencións efectuarase con cargo ao crédito dispoñible na aplicación orzamentaria 23.16.415B.772 «axudas ao desenvolvemento da nova OCM para a comercialización dos produtos pesqueiros» dos vixentes orzamentos xerais do Estado e con cargo á dita aplicación ou á que poida substituíla en anos posteriores, e a concesión da subvencións estará condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no momento da concesión. A totalidade do importe das axudas farase con cargo á aplicación orzamentaria mencionada, e do total da intensidade da axuda pública o FEMP cofinanciará:

a) Plans de produción e comercialización: o 75 % do importe total correrá a cargo do FEMP e o outro 25 % corresponderá á contribución nacional.

b) Mecanismo de almacenamento (OPP/AOP): o 100 % correrá a cargo do FEMP.

c) Creación de organizacións profesionais (OPP, AOP e OIP): o 75 % do importe total calculado correrá a cargo do FEMP e o outro 25 % corresponderá á contribución nacional.

d) Reestruturación de OPP e AOP: o 75 % do importe total calculado correrá a cargo do FEMP e o outro 25 % corresponderá á contribución nacional.

A intensidade da axuda pública será do 100 % para todas as liñas de axudas, excepto para os PPEC, para os cales non será superior ao 90 % dos gastos elixibles.

2. Para todas as liñas indicadas no número anterior, serán elixibles todas as actuacións iniciadas desde o 1 de xaneiro de 2014, sempre que cumpran os requisitos que estableza a normativa nacional e comunitaria.

3. Non poderán optar a estas axudas as organizacións profesionais que incorran nalgunha das condicións seguintes:

a) que se encontren nalgún dos supostos establecidos no artigo 10 do Regulamento FEMP ou no Regulamento delegado (UE) 2015/288 da Comisión, do 17 de decembro de 2014, polo que se complementa o Regulamento (UE) n.º 508/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, relativo ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca, no que respecta ao período de tempo e ás datas en relación coa inadmisibilidade das solicitudes,

b) que fosen sancionadas coa imposibilidade de obtención de préstamos, subvencións ou axudas públicas, de acordo co previsto no título V da Lei 3/2001, do 26 de marzo, e, se for o caso, pola normativa das comunidades autónomas,

c) que se encontren incursas nalgunha das causas de prohibición previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e na normativa específica de subvencións que lles sexa de aplicación como beneficiarias, incluíndo as persoas físicas implicadas,

d) que non se achen ao día no cumprimento das obrigacións tributarias e fronte á Seguridade Social.

4. Os beneficiarios e gastos deberán cumprir todas as exixencias consignadas no título I.

Artigo 11. *Incompatibilidades.*

1. Estas subvencións son incompatibles coa percepción doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma actividade, procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

2. O importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que supere o custo da actividade subvencionada.

3. Os beneficiarios deberán dar a coñecer mediante declaración as axudas que obtivesen ou solicitasen para a actividade subvencionada tanto ao presentaren a solicitude de axudas como en calquera momento ulterior en que se produza esta circunstancia.

Artigo 12. *Procedemento de concesión, notificacións e convocatoria.*

1. O procedemento de concesión das axudas será o de concorrencia competitiva, previsto no artigo 23 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, conforme os principios de publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, eficacia no cumprimento dos obxectivos e eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos que sinala o artigo 8.3 da citada lei.

2. O procedemento iniciarase de oficio mediante a correspondente convocatoria aprobada polo órgano competente, que se publicará na Base de datos nacional de subvencións e un extracto dela no «Boletín Oficial del Estado».

3. As propostas de resolución provisoria e definitiva, así como a resolución do procedemento, notificaranse mediante a súa publicación, na sede electrónica do Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente (<http://www.mapama.gob.es/es/>), durante un prazo non inferior a quince días hábiles, de acordo co sinalado no artigo 45.1.b) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, e no artigo 26 da Lei 38/2003, do 17 de novembro.

De conformidade co artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, levaranse a cabo as notificacións por medios electrónicos aos solicitantes das axudas que, se for o caso, procedan, mediante a comparecencia dos interesados na sede electrónica mencionada, accedendo á súa zona persoal.

Artigo 13. *Forma e prazo de presentación de solicitudes.*

1. As solicitudes dirixiranse ao ministro de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente e presentaranse, a través do rexistro electrónico do Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, na sede electrónica deste (<https://sede.mapama.gob.es/portal/site/se>), segundo o modelo establecido na convocatoria, que estará dispoñible nesa sede ou en calquera dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

2. O prazo para a presentación das solicitudes fixarase na convocatoria e será de quince días hábiles, contados desde a publicación do extracto da convocatoria. Esta indicará a documentación necesaria que se xuntará á solicitude, a cal se presentará igualmente de forma electrónica no citado rexistro, salvo a que pola súa propia natureza non sexa susceptible dese tratamento.

3. Se a solicitude non reunir os requisitos establecidos na convocatoria, o órgano competente requirirá o interesado para que a emende no prazo máximo e improrrogable de dez días hábiles, indicándolle que, se non o fixer, se terá por desistido da súa solicitude, de conformidade co artigo 23.5 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, logo da resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21, en relación co artigo 68, da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

A documentación que, se for o caso, sexa requirida presentarase igualmente de forma electrónica no citado rexistro.

4. A solicitude deberá expresar o consentimento ou a oposición para que o órgano instructor poida comprobar ou obter doutros órganos, administracións ou provedores de información, a información sobre o cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto no artigo 22.4 do Regulamento de desenvolvemento da Lei 38/2003, do 17 de novembro. En caso de oposición, o solicitante deberá achegar os certificados ou probas que para o efecto lle exixa a convocatoria.

5. Poderase admitir a substitución da presentación de determinados documentos, que se especificarán na convocatoria, por unha declaración do solicitante, nos termos

establecidos no artigo 23.4 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e segundo recolle o artigo 23 do presente real decreto.

6. Os requisitos específicos sobre as solicitudes e a documentación que deberá acompañar a solicitude para cada liña de axuda establecida neste real decreto encóntranse recollidos nos capítulos subseguintes deste real decreto.

Artigo 14. *Ordenación, instrucción, avaliación e resolución.*

1. O titular do departamento realizará a convocatoria pública das axudas, cuxo extracto será publicado na forma sinalada no artigo 12.

2. A instrución será levada a cabo pola Subdirección Xeral de Economía Pesqueira, que realizará todas as actuacións necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos, en virtude dos cales deberán formular a proposta de resolución.

3. O órgano instrutor comprobará de oficio as condicións e requisitos exixibles para a obtención da axuda, así como, se for o caso, aqueles requisitos cuxa xustificación por parte do solicitante expresamente se recolla nestas bases reguladoras ou nas respectivas convocatorias.

4. A valoración e exame das solicitudes levaraa a cabo unha comisión de valoración, en ausencia de conflitos de intereses, segundo o disposto no artigo 22.1 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións. Estará composta por tres funcionarios con rango ao menos de nivel 26 (un presidente e dous vogais), así como un secretario, que actuará con voz e voto, e serán designados polo director xeral de Ordenación Pesqueira.

5. A comisión examinará as solicitudes de axuda e comprobará o cumprimento dos requisitos regulados pola orde de convocatoria e demais normativa comunitaria e nacional.

6. A partir do estudo das solicitudes presentadas, a comisión de valoración emitirá unha acta asinada e datada na cal se concrete o resultado da avaliación, que estará dirixida ao órgano instrutor.

7. O órgano instrutor, á vista do expediente e do informe emitido pola comisión de valoración, elaborará unha proposta de resolución provisoria. A proposta deberá conter unha relación dos solicitantes, a súa contía, a avaliación e os criterios de valoración efectuados.

8. A proposta de resolución provisoria notificarase aos interesados segundo a forma prevista na convocatoria e concederáselles un prazo de dez días hábiles para presentar alegacións.

9. Poderase prescindir do trámite de audiencia cando non figuren no procedemento nin sexan tidos en conta outros feitos nin outras alegacións e probas que as aducidas polos interesados. Neste caso, a proposta de resolución formulada terá carácter de definitiva.

As propostas de resolución provisoria e definitiva non crean dereito ningún a favor do beneficiario proposto fronte á Administración, mentres non se lle notificase a resolución de concesión e, como sinala o artigo 12, notificaranse mediante a súa publicación no portal do Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente durante un prazo non inferior a quince días hábiles.

10. O funcionamento da comisión de valoración será atendido cos medios persoais, técnicos e orzamentarios da Dirección Xeral de Ordenación Pesqueira e axustará o seu funcionamento ás previsións establecidas para os órganos colexiados na sección 3.^a do capítulo II do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

11. Unha vez aprobada a proposta de resolución definitiva, o titular do departamento ditará e notificará, nun prazo que non poderá exceder seis meses contados desde a publicación do extracto da correspondente convocatoria no «Boletín Oficial del Estado», salvo que esta pospoña os seus efectos a un momento posterior ao abeiro do artigo 25 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, a resolución do procedemento mediante a súa publicación, no mencionado portal do Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, durante un prazo non inferior a 15 días hábiles.

A dita resolución será motivada de acordo co disposto na convocatoria e fará alusión ás valoracións realizadas pola correspondente comisión de valoración, a cuxas actas poderán acceder os solicitantes interesados accedendo ao mencionado portal web do Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, e determinará os beneficiarios, a contía da axuda e, se for o caso, de maneira expresa, a desestimación do resto das solicitudes.

12. A resolución porá fin á vía administrativa e contra ela poderase interpor potestativamente recurso de reposición ante o ministro de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente no prazo máximo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, con base no establecido no artigo 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, ou ben recurso contencioso-administrativo, de acordo coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, no prazo máximo de dous meses.

13. No caso de se producir a renuncia ou a perda sobrevida do dereito á axuda dalgún dos beneficiarios, e sempre que se tiver liberado crédito suficiente, poderase acordar, sen necesidade de nova convocatoria, o rateo do montante sobrante entre o resto de beneficiarios, nun prazo non superior a un mes desde a renuncia ou perda do dereito.

Para isto, comunicarase mediante publicación no mencionado portal do Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, durante un prazo non inferior a quince días hábiles, unha proposta de resolución que concrete o dito rateo, a fin de que manifesten os beneficiarios a súa aceptación ou alegacións, na citada sede electrónica, no prazo improrrogable de dez días hábiles.

O ministro de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente ditará, no prazo dun mes contado desde o fin do prazo para presentar alegacións, unha nova resolución de concesión ampliando, se for o caso, a contía das axudas. Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderán interporse os recursos indicados no número 12 precedente.

14. A subvención concedida comunicarase á Base de datos nacional de subvencións (BDNS) de acordo co disposto nos artigos 18 e 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro. Así mesmo, notificarase nos termos establecidos nos artigos 40 e 41 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

15. Se, no prazo máximo previsto neste real decreto para ditar e notificar a resolución, esta non se tiver practicado, a solicitude de axuda entenderase desestimada por silencio administrativo de acordo co previsto no artigo 25.5 da Lei 38/2003, do 17 de novembro.

Artigo 15. *Criterios de valoración de solicitudes.*

Os criterios para a valoración dos distintos tipos de actuacións que se convoquen ao abeiro destas bases, así como o seu carácter excluyente ou ponderación, indícanse nos capítulos subseguintes.

Artigo 16. *Pagamento e anticipos.*

1. O pagamento das axudas realizarase con posterioridade á realización e xustificación da actividade obxecto de axuda.

2. Sen prexuízo do establecido no parágrafo anterior e de acordo co establecido no artigo 66 do Regulamento FEMP, no caso dos PPEC a convocatoria poderá dispor a posibilidade de outorgar un anticipo do 50 %, após a aprobación do PPEC.

Será necesaria a constitución previa dun aval bancario por un importe do 105 % da cantidade anticipada, segundo establece o artigo 48 do Regulamento de desenvolvemento da Lei 38/2003, do 17 de novembro.

Con posterioridade á concesión do anticipo non se aceptarán modificacións dos PPEC que supoñan unha diminución do importe da axuda anticipada.

3. A utilización da figura do pagamento anticipado axustarase ao principio de eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos establecido na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

4. Cada pagamento quedará condicionado a que exista constancia por parte do órgano instrutor de que o beneficiario cumpre todos os requisitos sinalados no artigo 34.5 da Lei 38/2003, do 17 de novembro.

5. No caso de que se concedan anticipos para os PPEC de acordo co número 2, o pagamento restante quedará condicionado á xustificación da totalidade dos gastos, unha vez efectuadas todas as comprobacións necesarias por parte do órgano concedente.

6. O pagamento das axudas efectuarase na conta bancaria que fose designada polo beneficiario ante a Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira do Ministerio de Economía, Industria e Competitividade.

Artigo 17. *Gastos subvencionables e xustificación das subvencións.*

1. Serán subvencionables os gastos necesarios para a realización das distintas actividades obxecto de subvención que de maneira indubitada respondan á súa natureza e que sexan realizados antes de que finalice o ano natural en que se concedese a subvención.

Os gastos xustificadas ou outros requisitos establecidos deberán gardar concordancia co obxectivo da axuda e axustarse estritamente ao obxectivo e ás actividades expostos de acordo coa tipoloxía de custos elixibles establecida neste real decreto.

2. Considérase gasto realizado o que foi pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación. A xustificación dos gastos realizarase no momento da presentación da solicitude e concederase un prazo para a xustificación de quince días.

3. A comprobación formal para a liquidación da axuda realizarase sobre as contas xustificativas presentadas. Durante os cinco anos seguintes ao pagamento final ao beneficiario, que será a data contable do último pagamento, este deberá:

- a) Non cesar a actividade produtiva.
- b) Non cambiar a propiedade da infraestrutura ou dun elemento de infraestrutura de forma que proporcione unha vantaxe indebida e sen autorización expresa do órgano concedente.
- c) Non producir cambios substanciais que afecten a natureza, os obxectivos ou as condicións de execución da operación, de modo que se menoscaben os seus obxectivos orixinais.

4. Se o investimento é en infraestruturas ou en investimentos produtivos, deberá reembolsarse integramente a axuda se, nos dez anos seguintes ao pagamento final ao beneficiario, a actividade produtiva se somete a unha relocalización fóra da Unión, excepto cando o beneficiario sexa unha PEME, segundo o artigo 71.2 do Regulamento RDC.

5. Os beneficiarios deberán someterse ás actuacións de comprobación que efectuará o órgano concedente ou a calquera outra comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais como europeos, e achegar canta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores, así como realizar os controis recollidos en cada un dos plans anuais de actuación mencionados no artigo 85 do Regulamento de desenvolvemento da Lei 38/2003, do 17 de novembro.

6. Os beneficiarios deberán dispor dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos nos termos exixidos pola lexislación aplicable ao beneficiario, así como das facturas e demais xustificantes de gasto de valor probatorio equivalente e dos correspondentes xustificantes de pagamento. Este conxunto de documentos constitúe o soporte xustificativo da axuda concedida, e garante o seu adecuado reflexo na contabilidade do beneficiario.

7. A acreditación dos gastos subvencionables para cada unha das liñas de axudas do artigo 9 do presente real decreto realizarase segundo o disposto nos capítulos II, III e IV subseguintes.

Artigo 18. *Actuacións de comprobación e control.*

1. O beneficiario estará sometido ás actuacións de comprobación que efectuará o órgano concedente, así como ás de control da Intervención Xeral da Administración do Estado e do Tribunal de Contas e, se for o caso, da Comisión Europea, en virtude do artigo 108.1 do Tratado de funcionamento da Unión Europea, relativo a axudas estatais, e ao establecido na normativa relativa á xestión das axudas financiadas cos fondos da Unión Europea, e a calquera outra normativa aplicable.

2. O órgano concedente poderá realizar as accións de comprobación que estableza para verificar o cumprimento das condicións exixidas ao beneficiario, así como a realización por parte dos beneficiarios da actuación obxecto de axuda.

3. Así mesmo, serán obxecto de comprobación as condicións indicadas no artigo 7 do Real decreto 277/2016, do 24 de xuño.

Artigo 19. *Reintegro.*

1. O Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente solicitará o reintegro da axuda de forma proporcional ao período durante o cal se incumpriron os requisitos dispostos no artigo 71 do Regulamento RDC e segundo se establece no artigo 17 do presente real decreto.

2. Procederá o reintegro da axuda percibida, así como os xuros de demora correspondentes, nos casos previstos nos artigos 36 e 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e este rexerá polo disposto no seu título II, e no título III do Regulamento de desenvolvemento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, logo do oportuno expediente de incumprimento.

3. Así mesmo, procederá o reintegro da axuda, así como os xuros de demora, que será o xuro legal do diñeiro incrementado nun 25 %, se concorren un ou varios dos seguintes incumprimentos:

a) O incumprimento das actividades para as cales se aprobou a axuda será causa de reintegro total da subvención. No caso de ter solicitado un anticipo para os PPEC consideraranse incumplidas as actividades cando non se atinxise o 50 % dos obxectivos, gastos ou investimentos previstos no PPEC.

b) O incumprimento dos obxectivos parciais ou actividades concretas da actuación implicará a devolución daquela parte da axuda destinada a tales obxectivos ou actividades ou, no caso de que así se estableza na convocatoria, á perda do dereito ao cobramento total ou parcial.

c) A realización de modificacións non autorizadas no orzamento financiable suporá a devolución das cantidades desviadas.

d) A non presentación, de acordo co establecido na correspondente convocatoria, dos informes anuais establecidos no artigo 15 do Real decreto 277/2016, do 24 de xuño, dará lugar, pasados quince días hábiles após o requirimento do órgano concedente, ao reintegro da totalidade da axuda non xustificada, de acordo co artigo 70.3 do Regulamento de desenvolvemento da Lei 38/2003, do 17 de novembro.

e) A non achega das tres ofertas nos casos previstos no artigo 31.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, será causa de reintegro da axuda correspondente ao gasto en cuestión, salvo que a convocatoria das axudas sexa posterior ao gasto realizado.

f) O incumprimento da obrigaón de dar publicidade á axuda concedida, nos termos do artigo 31.3 do Regulamento de desenvolvemento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e do establecido no artigo 119 do Regulamento FEMP, será causa do reintegro parcial do importe asociado a tal incumprimento.

Non obstante, e sen prexuízo do disposto pola normativa europea e das sancións que, se for o caso, poidan imporse, se se producir o incumprimento das obrigaóns establecidas nesta alínea, e se for aínda posible o seu cumprimento nos termos establecidos, ou puideren realizarse accións correctoras da falta de publicidade, o órgano concedente requirirá o beneficiario para que adopte as medidas de difusión pertinentes nun prazo non

superior a quince días hábiles, con expresa advertencia das consecuencias que dese incumprimento puideren derivar por aplicación do artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro.

Artigo 20. *Infraccións e sancións.*

O incumprimento do disposto nestas bases reguladoras será sancionado de conformidade co establecido no título V da Lei 3/2001, do 26 de marzo, no título IV da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e nos artigos 12 e 13 da Lei 38/1994, do 30 de decembro.

CAPÍTULO II

Axudas aos plans de produción e comercialización

Artigo 21. *Beneficiarios das axudas aos plans de produción e comercialización.*

Poderán ser beneficiarios destas axudas as organizacións de produtores pesqueiros e asociacións de organizacións de produtores pesqueiros de ámbito nacional e transnacional que se encontren dadas de alta no Rexistro establecido no artigo 8 do Real decreto 277/2016, do 24 de xuño, e leven a cabo plans de produción e comercialización (PPEC).

Artigo 22. *Requisitos para optar á axuda.*

1. Os PPEC deberán ter sido aprobados en cumprimento dos obxectivos da OCM, recollidos nos artigos 3 e 7 do Regulamento OCM, e de acordo co artigo 14 do Real decreto 277/2016, do 24 de xuño.

2. Así mesmo, deberán ter sido aprobados os informes anuais correspondentes ao exercicio dos PPEC indicados no número anterior, de acordo co artigo 28.5 do Regulamento OCM e co artigo 15 do Real decreto 277/2016, do 24 de xuño.

3. En todo caso, deberán cumprirse todos os requisitos comúns establecidos no capítulo I deste título.

Artigo 23. *Solicitudes.*

1. Sen prexuízo do establecido no artigo 13, as solicitudes acompañaranse da seguinte documentación:

a) Documentación acreditativa da personalidade xurídica:

1.º Tarxeta de identificación fiscal da organización profesional solicitante (NIF).

2.º Copia da escritura de constitución e estatutos da sociedade, así como as modificacións ulteriores debidamente inscritas no rexistro correspondente.

b) Datos de representante:

1.º O representante autorizará a Secretaría Xeral de Pesca para que se realice a comprobación dos datos de identidade mediante consulta ao Sistema de verificación de datos de identidade previsto no número 3 do artigo único do Real decreto 522/2006, do 28 de abril, marcando a casa para o efecto que figurará no impreso de solicitude das axudas. En caso de non dar tal autorización, deberá achegar fotocopia do DNI.

2.º Poder ou outra documentación acreditativa das facultades representativas da persoa física que actúe como representante da persoa xurídica

3.º Comprobarase que a figura do representante da OPP/AOP é conforme co establecido no artigo 5 e 6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, en relación coa representación e rexistros electrónicos de apoderamentos.

c) Facturas pagadas ou documentos contables de valor probatorio equivalente que acrediten o gasto subvencionable da solicitude, cuxos orixinais deberán achegarse para

carimbar, segundo o determinado no artigo 131.2 do Regulamento RDC. Así mesmo, entregaranse xustificantes das transferencias bancarias correspondentes.

d) Declaracións do representante da OPP ou AOP:

1.º Declaración de que non recibiu nin solicitou outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais, en cumprimento do artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, sobre obrigacións dos beneficiarios.

2.º Declaración de non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro das causas recollidas no artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro.

3.º Declaración de non ter sido sancionado coa perda da posibilidade de obter subvencións por incumprimento da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

4.º Declaración de non encontrarse incurso nalgún dos supostos recollidos no artigo 10 do Regulamento (UE) n.º 508/2014, relativo á admisibilidade de solicitudes e operacións non subvencionables.

5.º Declaración de non ter sido sancionado coa imposibilidade de obtención de préstamos, subvencións ou axudas públicas, de acordo co previsto no artigo 105 letra i) da Lei 3/2001, do 26 de marzo e, se for o caso, pola normativa das comunidades autónomas.

6.º Declaración sobre o cumprimento de todos os requisitos indicados no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, necesarios para obter a condición de beneficiario.

7.º Declaración da acreditación do valor e volume da produción comercializada para o período que exixa a convocatoria.

O solicitante deberase comprometer expresamente nestas declaracións a manter o cumprimento do respectivo requisito durante o período de tempo inherente ao recoñecemento ou exercicio do dereito ao cobramento da subvención, segundo o disposto no artigo 69 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Para isto, o órgano instrutor asegurárase do cumprimento das condicións referidas con anterioridade á concesión da axuda, mediante a información do Rexistro Nacional de Infraccións (SANCIPES), a Base de datos nacional de subvencións (BDNS) ou outras fontes oficiais.

3. Deberán achegar documentación acreditativa de estar ao día no pagamento das obrigacións fiscais e da Seguridade Social con anterioridade a ditarse a proposta de resolución e ao pagamento da axuda, segundo se establece nos artigos 14.1.e) e 34.5 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, mediante calquera das seguintes opcións:

1.º Autorización expresa ao órgano instrutor para obter de forma directa esa acreditación marcando a casa para o efecto que figura no impreso de solicitude de axudas.

2.º En caso contrario, presentación de certificado polo solicitante que acredite estar ao día no pagamento das citadas obrigacións nos momentos referidos da tramitación.

Non obstante, se tiver caducado a validez desas certificacións, deberanse renovar con anterioridade a ditarse a «proposta de resolución» e ao «pagamento da axuda».

Se á hora da comprobación telemática o solicitante non está dado de alta na Seguridade Social, deberá presentar certificado xustificativo de que a empresa non ten traballadores asalariados dados de alta nela.

4. A orde de convocatoria poderá requirir documentación adicional.

Artigo 24. *Criterios de valoración.*

1. Criterios xerais: valoraranse as solicitudes de acordo cos seguintes criterios xerais establecidos no Programa operativo do FEMP:

a) Adecuación das solicitudes de axudas por preparación e aplicación dos PPEC á análise DAFO do programa operativo do FEMP, así como á estratexia, obxectivos e medidas recollidas no citado programa.

b) Adecuación dos indicadores de resultado, que se consignarán nas solicitudes de axudas por preparación e aplicación dos PPEC, referidos á variación do valor en primeiras vendas das organizacións profesionais e variación do volume da produción en primeiras vendas de OPP/AOP.

Nas solicitudes de axuda valorarase o incremento do valor da produción como alto, se se mantén, valorarase como medio, e se hai unha diminución, valorarase como baixo.

c) Implicación das solicitudes de axudas por preparación e aplicación dos PPEC, se for o caso, noutras prioridades, obxectivos específicos ou outros plans estratéxicos.

As solicitudes de axuda valoraranse por igual, tendo en conta que a preparación e aplicación dos PPEC están implicadas nas mesmas prioridades do Programa operativo do FEMP.

2. Criterios específicos: a aprobación dos PPEC, así como os seus correspondentes informes anuais, mediante resolución da Dirección Xeral de Ordenación Pesqueira, é o criterio de valoración específico establecido para a concesión das axudas no marco do Programa operativo do FEMP, aprobado polo seu comité de seguimento.

De acordo co establecido no artigo 60.2 do Regulamento de desenvolvemento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, considerarase que todas as OPP e AOP teñen o mesmo peso relativo pola preparación e aplicación dos PPEC, para realizar a valoración de solicitudes.

3. Segundo o artigo 22.1 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, no caso de solicitudes con igualdade de puntuación, de non alcanzar o orzamento destinado na convocatoria para atendela na súa totalidade, ratearase o importe global máximo destinado ás subvencións entre os beneficiarios, atendendo aos gastos elixibles en que incorresen. Isto mesmo se aplicará nos supostos previstos no número 13 do artigo 14 do presente real decreto.

Artigo 25. *Gastos subvencionables e acreditación.*

1. Os gastos subvencionables e non subvencionables son os recollidos no anexo do presente real decreto.

2. En virtude do artigo 30 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e do artigo 74 do seu regulamento de desenvolvemento, a xustificación realizarase mediante conta xustificativa con achega de informe de auditor.

3. A documentación necesaria para xustificar adecuadamente a axuda deberá demostrar con claridade que os gastos elixibles se destinarán á preparación ou execución das medidas dos PPEC.

4. Os gastos subvencionables deberán terse realizado durante o período de execución da actividade subvencionada que se indique na resolución de aprobación do informe anual do PPEC, con excepción do informe de auditor, así como a preparación do PPEC e informe anual, que serán subvencionables con anterioridade ou posterioridade ao dito período de execución.

5. En todo caso, deberase acompañar dunha memoria económica xustificativa que inclúa a acreditación de todos os gastos mencionados no anexo, xunto con copia das facturas ou documentos de valor probatorio no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, así como das transferencias bancarias correspondentes. O modelo e a maneira de confección da memoria económica publicaranse na convocatoria correspondente.

Cando se dean as circunstancias do artigo 5.2 segundo parágrafo deste real decreto e do artigo 31.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, deberase probar de maneira expresa, documentada e detallada a imposibilidade de obter tres ofertas na memoria nos termos dese artigo. A súa demostración fidedigna é condición necesaria para que o gasto poida ser admitido.

6. En todo caso, a xustificación adecuarase ás regras específicas previstas no anexo.

Artigo 26. *Cálculo da contía da axuda.*

1. Para o cálculo da axuda terase en conta o establecido nos artigos 14 e 15 do Real decreto 277/2016, do 24 de xuño.

2. A axuda financeira anual non excederá o 3 % do valor medio da produción comercializada pola OPP ou AOP durante os tres anos civís anteriores á resolución de aprobación do PPEC. No caso das OPP ou AOP acabadas de recoñecer, esta axuda non excederá o valor medio da produción comercializada polos membros desa organización durante os tres anos civís anteriores.

3. Comprobarase o valor e o volume da produción das organizacións profesionais do número anterior da mesma maneira que o indicado no artigo 4.

CAPÍTULO III

Axuda á utilización do mecanismo de almacenamento

Artigo 27. *Beneficiarios das axudas pola utilización do mecanismo de almacenamento.*

1. Poderán ser beneficiarios destas axudas as OPP e, se for o caso, AOP, de ámbito nacional, transnacional e autonómico, dadas de alta no Rexistro establecido no artigo 8 do Real decreto 277/2016, do 24 de xuño.

Artigo 28. *Requisitos para optar á axuda.*

1. Débense cumprir os seguintes requisitos:

a) Os produtos da pesca que poden recibir apoio financeiro son os establecidos no anexo II do Regulamento da OCM, para os cales, unha vez postos á venda, non se encontrase comprador ao prezo de activación vixente, segundo resolución anual da Secretaría Xeral de Pesca, tal e como establece o artigo 16.2 do Real decreto 277/2016, do 24 de xuño.

b) Os produtos poderán estabilizarse e/ou transformarse ben a bordo dos buques ben en instalacións en terra. Os procesos mediante os cales poden estabilizarse os produtos son a conxelación, a salga, a desecación e a mariñada, así como a cocción ou pasteurización.

Estes procesos poden implicar filetar, cortar ou descabezar o produto.

Os lugares onde se almacenen os produtos en terra, despois de teren sido postos á venda e non encontrarse un comprador ao prezo de activación, tanto se os produtos se estabilizaron a bordo do buque como se se van estabilizar en terra, deberán estar inscritos no Rexistro Xeral Sanitario de Empresas Alimentarias (RXSEAA).

c) Que os produtos fosen almacenados ao menos cinco días como mínimo e se volvan introducir no mercado para o consumo humano nunha fase posterior.

d) Que os produtos almacenados non superen os catro meses, con excepción do método de conxelación, salga e mariñada indicados no artigo 30.d) do Regulamento da OCM.

e) Que os produtos cumpran as normas comúns de mercado establecidas conforme o artigo 33 do Regulamento da OCM e a súa calidade sexa apta para o consumo humano.

f) Os produtos postos á venda en vivo, fresco ou refrixerado nunha lonxa ou establecemento autorizado por un membro da OPP que non alcancen o prezo de activación deberán ser comprados pola OPP aos seus asociados.

Confeccionarase unha nota de venda indicando que o seu destino é o almacenamento, de acordo co establecido no artigo 7 do Real decreto 418/2015, do 29 de maio, polo que se regula a primeira venda dos produtos pesqueiros.

g) Así mesmo, os produtos deberán experimentar, nun prazo de corenta e oito horas despois de teren sido postos á venda e non encontrarse comprador ao prezo de activación, unha ou varias das transformacións dalgunha das formas recollidas no artigo 30.d) do Regulamento da OCM.

h) No caso dos produtos estabilizados a bordo, deberán ser ofertados os produtos por un membro da OPP, sendo necesaria a renuncia de dous compradores ao prezo de activación, e deberase confeccionar unha declaración de recolla por parte do establecemento autorizado até se reintroducir no mercado, momento en que se deberá confeccionar a nota de venda correspondente, en aplicación do artigo 16.6 do Real decreto 277/2016, do 24 de xuño.

i) Deberase incluír toda a documentación necesaria na aplicación informática establecida no artigo 6 do Real decreto 277/2016, do 24 de xuño, especialmente en materia de avisos previos, confirmacións, certificados e controis de almacenamento ou reintrodución no mercado, sen prexuízo do que indique a convocatoria correspondente.

2. En todo caso, deberanse cumprir todos os requisitos comúns establecidos no capítulo I deste título.

Artigo 29. *Solicitudes.*

1. Sen prexuízo do establecido no artigo 13, as solicitudes acompañaranse da mesma documentación exixida no artigo 23.

2. Sen prexuízo do establecido no número 1 e dos requisitos que estableza a convocatoria, deberá achegarse, ademais, xunto coa solicitude:

a) Certificado da entidade que acredite a reintrodución no mercado para consumo humano de cada almacenamento mediante a gravación das facturas e dos seus correspondentes xustificantes de pagamento na aplicación informática OPPEs.

Na citada aplicación enlazaranse os almacenamentos previamente verificados pola Administración coas facturas.

b) Documento T2M ou certificado de orixe cando proceda.

c) Ofertas e renuncias de dous compradores para cada especie ao prezo de activación para os produtos estabilizados a bordo.

3. A orde de convocatoria poderá requirir documentación adicional.

Artigo 30. *Criterios de valoración.*

1. Sen prexuízo dos criterios xerais do Programa operativo do FEMP indicados no artigo 24 do presente real decreto, e dos criterios de selección específicos aprobados polo Comité de seguimento do FEMP e segundo o artigo 16.4 do Real decreto 277/2016, do 24 de xuño, establécense os seguintes criterios de valoración de solicitudes, sendo 100 o máximo total de puntos que pode obter cada solicitante:

a) Características dos produtos que optan á axuda ao almacenamento, que procederán dos seguintes criterios:

1.º Os produtos pesqueiros postos á venda en vivo, fresco ou refrixerado e que se estabilizan en terra: 40 puntos.

2.º Os produtos pesqueiros estabilizados a bordo: 20 puntos.

b) Clasificación da organización segundo o artigo 2.4 do Real decreto 277/2016, do 24 de xuño:

1.º Segmento de pesca de altura e grande altura: 20 puntos.

- 2.º Segmento de pesca litoral: 40 puntos.
- 3.º Conxuntas de pesca e acuicultura: 50 puntos.
- 4.º Segmento de pesca local: 60 puntos.

2. A puntuación final virá determinada pola suma das puntuacións recollidas nas letras a) e b) do número anterior.

3. En caso de empate, o resultado dirimirase en función do valor da produción comercializada no exercicio anterior á solicitude e establécese a orde de menor a maior valor de produción.

4. Unha vez ordenadas as solicitudes, atenderase ao seu pagamento co crédito que indique a correspondente convocatoria. Segundo o artigo 22.1 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, se o orzamento destinado na convocatoria non alcanza para atendelas na súa totalidade, ratearase o importe global máximo destinado ás subvencións entre os beneficiarios, atendendo á puntuación obtida na valoración dos criterios. Isto mesmo se aplicará nos supostos previstos no número 13 do artigo 14 do presente real decreto.

Artigo 31. *Gastos subvencionables e acreditación.*

1. Os gastos subvencionables son os derivados dos custos técnicos e financeiros que xeran os almacenamentos que cumpran os requisitos establecidos no artigo 28. O seu importe fíxase anualmente mediante resolución do secretario xeral de Pesca.

2. En virtude do artigo 30 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e artigo 69, número 1), do Regulamento de desenvolvemento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, a xustificación realizarase mediante conta xustificativa con informe de auditor, segundo a sección 2.^a do capítulo II do título II do Regulamento de desenvolvemento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, que deberá ser concordante coa información da aplicación OPPES para cada almacenamento efectuado.

3. Os citados documentos deberán demostrar con claridade que se produciu o almacenamento e posterior reintrodución no mercado.

4. Os almacenamentos deberanse ter realizado durante o período de execución da actividade subvencionada que se indique na resolución de concesión.

Artigo 32. *Cálculo da contía da axuda.*

1. Para o cálculo de axuda terase en conta o establecido nos artigos 16 e 17 do Real decreto 277/2016, sen prexuízo do establecido na disposición derradeira segunda.

2. A determinación do importe final elixible virá dado pola multiplicación do número de toneladas almacenadas que se reintroduzan no mercado, debidamente validado na aplicación OPPES, multiplicadas polo importe dos custos técnicos e financeiros, e a contía máxima por almacenamento será a establecida na resolución correspondente para un mes de almacenamento.

3. As cantidades subvencionables non superarán o 15 % das cantidades anuais dos produtos da pesca incluídos no anexo II da OCM, comercializados pola OPP ou AOP no ano civil do seu almacenamento.

4. A axuda financeira anual non excederá o 2 % do valor medio anual da produción comercializada polos membros da OPP durante o período 2009-2011 ou, no caso de que non comercializasen produción ningunha para ese período, tomarase o valor medio da produción comercializada nos tres primeiros anos de produción deses membros.

5. Comprobarase o valor e o volume da produción das organizacións profesionais do número anterior da mesma maneira que o indicado no artigo 4.

CAPÍTULO IV

Axudas para a creación de organizacións profesionais e reestruturación de organizacións de produtores pesqueiros e asociacións de organizacións de produtores pesqueiros

Artigo 33. *Beneficiarios das axudas á creación de organizacións profesionais e á reestruturación de OPP e AOP.*

Poderán ser beneficiarios destas axudas:

a) Para a creación, as organizacións profesionais de ámbito nacional e transnacional, dadas de alta quer no Rexistro de Organizacións de Produtores Pesqueiros e Asociacións de Organizacións de Produtores quer no Rexistro de Organizacións Interprofesionais Agroalimentarias establecido no artigo 14 da Lei 38/1994, do 30 de decembro, segundo proceda, cuxo ámbito de actuación supere o dunha comunidade autónoma.

b) Para a reestruturación, as OPP e as AOP dadas de alta no Rexistro de Organizacións de Produtores Pesqueiros e Asociacións de Organizacións de Produtores, sempre que o ámbito de actuación da entidade resultante supere o dunha comunidade autónoma.

Artigo 34. *Requisitos para optar á axuda.*

1. Os beneficiarios deberán cumprir os seguintes requisitos:

a) Ter sido recoñecida polo Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente como unha organización profesional, con resolución ou orde de recoñecemento –segundo proceda– e inscrición no rexistro correspondente a partir do 29 de decembro de 2013.

Deberase encontrar dada de alta no momento de presentar a solicitude correspondente á anualidade que proceda.

b) No caso de OPP e, se for o caso, de AOP, ter presentado o PPEC e ter obtido a aprobación deste, segundo o establecido no artigo 14.3 e 14.5 do Real decreto 277/2016, do 24 de xuño.

c) No caso de OPP e, se for o caso, de AOP, ter presentado o informe anual do PPEC e ter obtido a aprobación deste, segundo o establecido no artigo 15.3 do Real decreto 277/2016, do 24 de xuño.

d) As organizacións profesionais deberán ter cumprido as obrigacións que establece tanto o Real decreto 277/2016, do 24 de xuño, como a Lei 38/1994, do 30 de decembro, e demais normativa de desenvolvemento.

2. En todo caso, deberanse cumprir todos os requisitos comúns establecidos no capítulo I deste título.

Artigo 35. *Solicitudes.*

1. Sen prexuízo do establecido no artigo 13, as solicitudes acompañaranse da mesma documentación exixida no artigo 23.

2. Sen prexuízo do establecido no número 1 e dos requisitos que estableza a convocatoria, no caso de OIP a Subdirección Xeral de Economía Pesqueira solicitará un certificado da Dirección Xeral de Industria Alimentaria do Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente para determinar que a OIP cumpre coas obrigacións que lle impón a normativa.

3. No caso da reestruturación de OPP e AOP, estas deberán ter presentado un plan de reestruturación e que fose aprobado pola Dirección Xeral de Ordenación Pesqueira.

4. A orde de convocatoria poderá requirir documentación adicional.

Artigo 36. *Criterios de valoración.*

1. Sen prexuízo dos criterios xerais do Programa operativo do FEMP e dos criterios específicos de selección aprobados polo comité de seguimento do FEMP, e en consonancia co artigo 6.2 do Regulamento da OCM, establécense os seguintes criterios de valoración de solicitudes, sendo 100 o máximo total de puntos que pode obter cada solicitante:

a) Tipo de organización profesional:

- 1.º Organización de produtores pesqueiros: 40 puntos.
- 2.º Asociación de organizacións de produtores pesqueiros: 30 puntos.
- 3.º Organización interprofesional: 25 puntos.

b) Clasificación da organización segundo o artigo 2.4 do Real decreto 277/2016, do 24 de xuño.

No caso de organizacións interprofesionais, asimílanse ao segmento correspondente da rama da produción que a compón:

- 1.º Segmento de pesca de altura e grande altura: 20 puntos.
- 2.º Segmento de pesca litoral: 40 puntos.
- 3.º Conxuntas de pesca e acuicultura: 50 puntos.
- 4.º Segmento de pesca local: 60 puntos.
- 5.º Outros segmentos da pesca: 40 puntos.
- 6.º Segmento de acuicultura mariña: 50 puntos.
- 7.º Segmento de acuicultura continental: 60 puntos.

2. A puntuación final virá determinada pola suma das puntuacións recollidas nas alíneas a) e b) do número anterior.

3. En caso de empate, o resultado dirimirase en función do valor da produción comercializada no exercicio anterior á solicitude, establecendo a orde de menor a maior produción.

4. Unha vez ordenadas as solicitudes, atenderase ao seu pagamento co crédito que indique a correspondente convocatoria. Segundo o artigo 22.1 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, se o orzamento destinado na convocatoria non alcanza para atenderas na súa totalidade, ratearase o importe global máximo destinado ás subvencións entre os beneficiarios, atendendo á puntuación obtida na valoración dos criterios. Isto mesmo se aplicará nos supostos previstos no número 13 do artigo 14 do presente real decreto.

Artigo 37. *Gastos subvencionables e acreditación.*

1. Os gastos subvencionables estableceranse con base no valor da produción e unha vez que se ditase resolución favorable de recoñecemento ou reestruturación, respectivamente, en cumprimento do previsto nos artigos 14 e 15 do Regulamento da OCM.

2. No caso da reestruturación serán subvencionables:

- a) As fusións de OPP ou AOP sempre que se cumpra o disposto no artigo 7 do presente real decreto.
- b) As escisións de OPP ou AOP que se indican no artigo 6.6 do presente real decreto.

3. Comprobarase o valor da produción comercializada polos membros da OPP ou AOP durante os últimos tres anos civís anteriores á resolución, de igual maneira que no artigo 4.3, e xustificarse por módulos, segundo o disposto no capítulo II do título II do Regulamento de desenvolvemento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, sendo o valor do módulo a produción comercializada.

Artigo 38. *Cálculo da contía da axuda.*

1. A determinación do importe final elixible virá dado polo valor en euros a tanto global correspondente ao 1 % da media da produción comercializada polos membros da OPP ou AOP durante os últimos tres anos civís anteriores á resolución, de acordo co artigo 4.3.

No caso de OIP o importe da axuda virá dado polo valor en euros a tanto global correspondente ao 1 % da media da produción da rama produtora durante os últimos tres anos civís anteriores á solicitude, de acordo co artigo 4.3.

2. A axuda concederáse durante os cinco primeiros anos contados desde o día seguinte á recepción da notificación da resolución favorable de acordo co artigo 6.1 sempre que fose posterior ao 29 de decembro de 2013.

3. A axuda máxima por organización profesional non poderá superar os 100.000 euros por ano.

Disposición adicional primeira. *Revisión extraordinaria de plans de produción e comercialización e informes anuais.*

1. Sen prexuízo do establecido no artigo 15 do Real decreto 277/2016, do 24 de xuño, de maneira excepcional, as administracións competentes poderán permitir a aquelas organizacións que o soliciten, por unha soa vez e co límite máximo de 3 meses a partir da entrada en vigor do presente real decreto, unha revisión dos plans de produción e comercialización e informes anuais dos anos 2014, 2015, 2016 e 2017, de maneira que se poidan axustar ao presente real decreto, en especial, no relativo aos gastos subvencionables para os PPEC.

Disposición adicional segunda. *Organizacións de produtores de ámbito transnacional recoñecidas con anterioridade á entrada en vigor do presente real decreto.*

A resolución de recoñecemento á organización de produtores correspondente como de ámbito transnacional que se ditase con anterioridade á entrada en vigor do presente real decreto considerarase que equivale á presentación e aprobación do Plan de reestruturación previsto no artigo 7.

Disposición transitoria única. *Convocatorias publicadas polas administracións públicas.*

Sen prexuízo do establecido na disposición adicional primeira, as convocatorias publicadas pola Comunidade Autónoma de Galicia mediante as ordes do 28 de outubro de 2016 (DOG número 218) e do 31 de decembro de 2016 (DOG número 17) para a concesión de subvencións ás organizacións de produtores pesqueiros e asociacións de organizacións de produtores pesqueiros do sector da pesca e da acuicultura para a preparación e aplicación dos plans de produción e comercialización, financiadas co FEMP, e a convocatoria publicada pola Comunidade Autónoma de Andalucía mediante a Orde do 10 de xullo de 2017 (BOJA número 134), pola que se establecen as axudas previstas ao abeiro de bases reguladoras para a concesión de subvencións ás organizacións profesionais no sector dos produtos da pesca e da acuicultura, no marco do Programa operativo do FEMP, resolveranse segundo as bases reguladoras de que dependan.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas as seguintes disposicións:

1. Real decreto 2595/1976, do 30 de outubro, polo que se establecen primas ao desmantelamento de buques pesqueiros.

2. Real decreto 519/1986, do 7 de marzo, polo que se regulan as axudas de modernización e reconversión de buques pesqueiros de eslora comprendida entre 9 e 12 metros entre perpendiculares.

3. Real decreto 535/1987, do 10 de abril, sobre construción de buques pesqueiros de seis ou máis metros e menores de nove metros de eslora entre perpendiculares e axudas complementarias en materia de estruturas do sector pesqueiro e da acuicultura.

4. Real decreto 1391/1990, do 8 de novembro, sobre a construción e modernización de buques pesqueiros de eslora entre perpendiculares inferior a seis metros e sobre a materialización de baixas.

5. Real decreto 1437/1992, do 27 de novembro, polo que se fixan as normas sanitarias aplicables á produción e comercialización dos produtos pesqueiros e da acuicultura.

6. Real decreto 1840/1997, do 5 de decembro, polo que se modifican as normas sanitarias aplicables á produción e comercialización dos produtos pesqueiros e da acuicultura fixadas polo Real decreto 1437/1992, do 27 de novembro.

7. Real decreto 2666/1998, do 11 de decembro, polo que se establecen os criterios de selección para o fomento da mellora das condicións de transformación e comercialización de produtos agrarios, da pesca, da acuicultura e da alimentación.

8. Decreto 1507/1967, do 30 de xuño, polo que por motivos e interese público se concede exención de dereitos arancelarios de importación e de imposto de compensación de gravames interiores para os buques pesqueiros de orixe estranxeira menores de 200 toneladas de rexistro bruto e de 600 CV que se abandeiren en España con matriculación nos portos de Ceuta e Melilla, así como para os materiais que se importen para construílos, reformalos ou reparalos.

9. Decreto 2494/1974, do 9 de agosto, polo que se establece a obrigatoriedade de achegar baixas na terceira lista para acceder á construción de buques pesqueiros.

10. Decreto polo que se amplía o alcance do Decreto 2494/1974, do 9 de agosto, e se establece a obrigatoriedade de achegar baixas na terceira lista para acceder á importación de buques pesqueiros.

11. Orde do 18 de abril de 1985 pola que se regula a concesión de axudas ás organizacións de produtores pesqueiros, con destino a mellorar a comercialización dos seus produtos e favorecer o seu acceso a canles de comercialización directas.

12. Orde do 7 de xullo de 1986 pola que se regula a concesión de axudas ás confrarías de pescadores, cooperativas, asociacións extractivas, de acuicultura e organizacións de produtores pesqueiros para a creación e o equipamento de lonxas e mercados.

13. Orde do 1 de marzo de 1991 sobre o procedemento de solicitude das axudas globais a tanto global que percibirán as organizacións de produtores pesqueiros por retirada do mercado dos produtos indicados no anexo VI do Regulamento (CEE) número 3796/81.

14. Orde APA/85/2004, do 15 de xaneiro, pola que se establece o procedemento para a concesión das axudas á constitución e ao funcionamento das organizacións de produtores pesqueiros e ás súas asociacións, e as destinadas a facilitar a execución dos plans de mellora da calidade dos produtos pesqueiros.

15. Orde APA/869/2007, do 14 de marzo, pola que se fixa o valor que se descontará do importe das axudas globais para as partidas sometidas ao réxime de compensación a tanto global, para as especies incluídas no anexo IV do Regulamento (CE) 104/2000, e para as organizacións de produtores pesqueiros que fixasen prezos autónomos.

16. Orde ARM/1282/2010, do 6 de maio, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas ás organizacións de produtores pesqueiros, de ámbito nacional, previstas no artigo 37 alínea n) do Regulamento (CE) n.º 1198/2006, e no artigo 9 do Regulamento (CE) n.º 104/2000.

17. Orde pola que se dan normas sobre a subministración de utensilios e provisións nacionais aos buques despachados con destino ao estranxeiro e aos buques pesqueiros de altura e grande altura.

18. Orde pola que se regula a desgravación fiscal á exportación, recoñecida pola do 15 de xullo de 1975, dos utensilios e provisións nacionais subministrados a buques despachados con destino ao estranxeiro e a pesqueiros de altura e grande altura.

19. Resolución da Dirección Xeral de Comercio Exterior pola que se autoriza a venda en portos estranxeiros de pesca capturada en altura por barcos pesqueiros españois.

20. Orde do 10 de xullo de 1963 sobre préstamos con destino á instalación de sistemas de conxelación e refrixeración en buques pesqueiros entre 250 e 500 toneladas, que entraron en servizo con posterioridade ao ano 1955.

21. Orde do 31 de xullo de 1963 sobre autorización ao Banco de Crédito á Construción para a concesión de préstamos destinados á construción de barcos pesqueiros de técnicas modernas no próximo exercicio.

22. Orde do 5 de agosto de 1963 pola que se ditan normas para a petición de préstamos con destino á instalación de sistemas de conxelación a bordo de determinados pesqueiros.

23. Orde do 3 de xullo de 1964 sobre autorización ao Banco de Crédito á Construción para a concesión de préstamos destinados á construción de barcos pesqueiros de técnicas modernas.

24. Orde do 19 de maio de 1965 sobre concesión de crédito para a construción de buques pesqueiros de novas técnicas.

25. Orde do 9 de xullo de 1965 sobre normas para a petición de préstamos con destino á construción de unidades pesqueiras de grande autonomía e de apoio de frotiñas de pesqueiros.

26. Resolución pola que se establece o control sanitario de contaminación por mercurio no peixe e produtos pesqueiros.

27. Resolución pola que se regula a documentación relativa aos buques que se acheguen como baixas na terceira lista para acceder á construción de buques pesqueiros, segundo o disposto na Orde do Ministerio de Comercio do 11 de decembro de 1974.

28. Orde pola que se regulan as baixas necesarias na terceira lista para acceder á importación de buques pesqueiros, segundo o disposto no Decreto 2879/1975, do 31 de outubro.

29. Orde sobre regulación do trámite de expedientes de concesión de primas ao desmantelamento de buques pesqueiros que se establece no Real decreto 2595/1976, do 30 de outubro.

30. Resolución do 17 de marzo de 1982, da Dirección Xeral de Comercio Interior, sobre o novo modelo de certificado do Rexistro Especial de Entidades e Centrais de Distribución de Produtos Agropecuarios e Pesqueiros para a Alimentación a que se refire o Real decreto da Presidencia do Goberno 1882/1978, do 26 de xullo, regulado de acordo co establecido pola Orde do 22 de maio de 1980 do Ministerio de Comercio e Turismo.

31. Orde do 19 de decembro de 1983 pola que se establece o valor da prima adicional á construción naval no caso de buques pesqueiros.

32. Orde do 17 de abril de 1985 pola que se regulan as baixas necesarias da terceira lista para acceder á construción de buques pesqueiros que non estean acollidos ao crédito oficial.

33. Orde do 22 de outubro de 1987 pola que se amplían, para o ano 1987, as actividades prioritarias definidas no Real decreto 1462/1986, para a mellora das condicións de transformación e comercialización dos produtos agrarios e pesqueiros.

34. Orde do 7 de marzo de 1988 sobre tramitación de expedientes de construción de buques pesqueiros de seis ou máis metros e menores de nove metros de eslora entre perpendiculares, de acordo co establecido no Real decreto 535/1987, do 10 de abril.

35. Orde do 20 de maio de 1988 pola que se regulan as titulacións menores para o mando de buques pesqueiros.

36. Orde do 30 de novembro de 1988 pola que se amplían para o ano 1988 as actividades prioritarias definidas no Real decreto 1462/1986, do 13 de xuño, polo que se fomenta a mellora das condicións de transformación e comercialización de produtos agrarios e pesqueiros.

37. Resolución do 22 de febreiro de 1989, do Fondo de Regulación e Organización do Mercado dos Produtos da Pesca e Cultivos Mariños (FROM), pola que se dá publicidade aos prezos de retirada autónomos fixados polas organizacións de produtores pesqueiros

e se establece o procedemento de control na concesión das axudas a tanto global previstas no Regulamento (CEE) 3796/81, para os produtos pesqueiros incluídos no seu anexo VI.

38. Orde do 10 de maio de 1989 pola que se establecen as axudas nacionais para a adaptación dos buques pesqueiros de eslora entre perpendiculares inferior a nove metros na pesca de cerco, e a 12 metros no arrastre de fondo do Mediterráneo, no suposto de cambio a outras modalidades preferentes de pesca.

39. Orde do 13 de marzo de 1989 pola que se amplían para o ano 1989 as actividades prioritarias definidas no Real decreto 1462/1986, do 13 de xuño, polo que se fomenta a mellora das condicións de transformación e comercialización de produtos agrarios e pesqueiros.

40. Orde do 17 de xullo de 1989 pola que se establecen as normas sobre o procedemento de tramitación das solicitudes de axudas económicas para a realización de investimentos relativos ao equipamento de portos pesqueiros.

41. Orde do 13 de setembro de 1990 pola que se amplían para o ano 1990 as actividades prioritarias definidas no Real decreto 1462/1986, do 13 de xuño, polo que se fomenta a mellora das condicións de transformación e comercialización de produtos agrarios e pesqueiros.

42. Orde do 28 de febreiro de 1991 pola que se amplían para o ano 1991 as actividades prioritarias definidas no Real decreto 1462/1986, do 13 de xuño, polo que se fomenta a mellora das condicións de transformación e comercialización de produtos agrarios e pesqueiros.

43. Orde do 1 de marzo de 1991 sobre o procedemento de solicitude das axudas globais a tanto global que percibirán as organizacións de produtores pesqueiros por retirada do mercado dos produtos indicados no anexo VI do Regulamento (CEE) número 3796/81.

44. Resolución do 6 de marzo de 1991, do Fondo de Regulación e Organización do Mercado dos Produtos da Pesca e Cultivos Mariños (FROM), pola que se dá publicidade aos prezos de retirada autónomos fixados para a campaña de 1991 polas organizacións de produtores pesqueiros dos produtos indicados no anexo VI do Regulamento (CEE) número 3796/1981, e se fixa o importe das axudas globais para a mencionada campaña.

45. Orde do 7 de marzo de 1991, sobre o procedemento de solicitude das compensacións financeiras que percibirán as organizacións de produtores pesqueiros por retirada do mercado dos produtos pesqueiros indicados nas letras A e D do anexo I do Regulamento (CEE) número 3796/81.

46. Orde do 11 de xuño de 1992 pola que se establecen as condicións de concesión de excepcións temporais, respecto ás normas sanitarias aplicables á produción e posta no mercado dos produtos pesqueiros, no que se refire ás exixencias de equipos e de estruturas dos buques factoría, establecementos, mercados de poxa (lonxas) e mercados grosistas.

47. Orde do 12 de xuño de 1992 pola que se amplían para o ano 1992 as actividades prioritarias definidas no Real decreto 1462/1986, do 13 de xuño, polo que se fomenta a mellora das condicións de transformación e comercialización de produtos agrarios e pesqueiros.

48. Resolución do 2 de xuño de 1992, da Dirección Xeral de Mercados Pesqueiros, pola que se modifica e se corríxen os erros da Resolución do 20 de febreiro de 1992, pola que se dá publicidade aos prezos de retirada autónomos dos produtos indicados no anexo VI do Regulamento (CEE) número 3.687/91, fixados para a campaña de 1992 polas organizacións de produtores pesqueiros, e se establece o importe das axudas globais para a mencionada campaña.

49. Orde do 27 de xullo de 1993 pola que se amplían para o ano 1993 as actividades prioritarias definidas no Real decreto 1462/1986, do 13 de xuño, polo que se fomenta a mellora das condicións de transformación e comercialización de produtos agrarios e pesqueiros.

50. Orde do 13 de outubro de 1995 pola que se amplían para o ano 1995 as actividades prioritarias definidas no Real decreto 1462/1986, do 13 de xuño, polo que se

fomenta a mellora das condicións de transformación e comercialización de produtos agrarios e pesqueiros.

51. Orde do 13 de decembro de 1996 pola que se amplían para o ano 1996 as actividades prioritarias definidas no Real decreto 1462/1986, do 13 de xuño, polo que se fomenta a mellora das condicións de transformación e comercialización dos produtos agrarios e pesqueiros.

52. Orde do 4 de novembro de 1997 pola que se amplían para o ano 1997 as actividades prioritarias definidas no Real decreto 1462/1986, do 13 de xuño, polo que se fomenta a mellora das condicións de transformación e comercialización dos produtos agrarios e pesqueiros.

53. Orde do 27 de agosto de 1998 pola que se amplían para o ano 1998 as actividades prioritarias definidas no Real decreto 1462/1986, do 13 de xuño, polo que se fomenta a mellora das condicións de transformación e comercialización dos produtos agrarios e pesqueiros.

54. Orde ARM/327/2010, do 11 de febreiro, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas con finalidade estrutural no sector da pesca dirixidas a investimentos a bordo de buques pesqueiros e selectividade, axustes dos esforzos pesqueiros, axudas á pesca costeira artesanal e compensación socioeconómica para a xestión da frota pesqueira comunitaria, nas cidades de Ceuta e Melilla, durante o período 2010-2013.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Real decreto 418/2015, do 29 de maio, polo que se regula a primeira venda dos produtos pesqueiros.*

O Real decreto 418/2015, do 29 de maio, polo que se regula a primeira venda dos produtos pesqueiros, queda modificado nos seguintes termos:

Un. O número 2 do artigo 5 queda redactado como segue:

«2. Para efectos do disposto no número anterior, nos seguintes supostos, a primeira venda poderá non efectuarse en lonxa e realizarase nos establecementos autorizados polas comunidades autónomas.

a) Cando a primeira venda se leve a cabo nos territorios insulares que non dispoñan de lonxa.

b) Cando se trate da captura especies eurihalinas, especialmente a anguía (*Anguilla anguilla*) e a lamprea (*Petromyzon marinus*).

c) Cando se trate de capturas realizadas coa modalidade de pesca de almadraba.»

Dous. O número 2 do artigo 12 queda redactado como segue:

«2. As notas de venda, documentos de transporte, declaracións de recolla e documentos de rastrexabilidade remitiranse, de forma electrónica, de maneira que a información estea en poder das comunidades autónomas e da Secretaría Xeral de Pesca en tempo real desde que se produza.»

Tres. A disposición transitoria única queda redactada como segue:

«Disposición transitoria única. *Período de adaptación.*

As administracións competentes, lonxas e establecementos autorizados e o resto dos operadores afectados disporán até o 31 de decembro de 2017 para se adaptaren ao disposto no artigo 12.2 do presente real decreto.»

Disposición derradeira segunda. *Modificación do Real decreto 277/2016, do 24 de xuño, polo que se regulan as organizacións profesionais no sector dos produtos da pesca e da acuicultura.*

O Real decreto 277/2016, do 24 de xuño, polo que se regulan as organizacións profesionais no sector dos produtos da pesca e da acuicultura, queda modificado nos seguintes termos:

Un. Engádesse un novo número 3 ao artigo 6, co seguinte texto:

«3. Así mesmo, no ámbito das competencias atribuídas á Dirección Xeral de Ordenación Pesqueira, esta aplicación informática contará coa información de confrarías de pescadores e das súas federacións, así como doutras organizacións representativas da produción primaria, da rama da transformación e da comercialización.»

Dous. Modifícase o número 2 e engádesse un novo número 4 ao artigo 7 co seguinte texto:

«2. As administracións competentes deberán realizar un control de todas as súas organizacións profesionais antes do 31 de decembro de 2018, sen prexuízo dos controis que poida realizar a Comisión Europea segundo o disposto no artigo 20 do Regulamento da OCM.»

«4. As organizacións de produtores pesqueiros deberán ser auditadas en materia económica por universidades, organismos públicos especializados ou outras empresas privadas de recoñecido prestixio, cunha periodicidade bienal, a partir do ano 2018, que poderá ser subvencionable no marco dos plans de produción e comercialización. En especial, analizarase unha mostra de cada segmento das modalidades indicadas no artigo 2.4 para estudar a viabilidade de cada unidade produtiva e as especies producidas.»

Tres. O número 3 do artigo 16 queda redactado como segue:

«3. Os almacenamentos tomaranse en conta seguindo as campañas establecidas no artigo 14.4. Aqueles almacenamentos que superen os catro meses, con excepción do método de conxelación, salga e mariñada indicados no artigo 30.d) da OCM, non serán subvencionables para efectos das convocatorias correspondentes, sendo a contía máxima por almacenamento a establecida na resolución correspondente para un mes de almacenamento.»

Disposición derradeira terceira. *Título competencial.*

1. Este real decreto dítase ao abeiro do artigo 149.1.13.^a da Constitución española, en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

2. Non obstante, o relativo á regulación das axudas á creación e reestruturación de organizacións profesionais dítase conxuntamente ao abeiro do artigo 149.1.19.^a da Constitución española en materia de bases de ordenación do sector pesqueiro.

3. As modificacións contidas nas disposicións derradeiras primeira e segunda ampáranse nos títulos competenciais establecidos nas normas obxecto de modificación.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado» con efectos desde o 1 de xaneiro de 2014.

Dado en Madrid o 3 de novembro de 2017.

FELIPE R.

A ministra de Agricultura e Pesca,
Alimentación e Medio Ambiente,
ISABEL GARCÍA TEJERINA

ANEXO**Determinación de gastos subvencionables***A. Axudas aos plans de produción e comercialización*

Consideracións xerais

As medidas previstas nos PPEC poderanse executar directamente a través do titular, por terceiros ou mediante unha combinación de ambos.

Os gastos do titular ou gastos propios son aqueles gastos relativos ao persoal de estrutura ou contratado por unha duración determinada, para a supervisión, preparación e elaboración dos PPEC ou a execución das medidas establecidas nos plans, así como aqueles gastos de viaxe que procedan como todo ou parte dunha medida aprobada no PPEC.

A acreditación destes gastos realizarase mediante a presentación de nóminas, cotizacións sociais ou memorias xustificativas.

Os gastos de xestión ou gastos procedentes de terceiros son aqueles gastos a terceiros derivados de servizos externos, subministracións, obras, convenios ou outros gastos de viaxe non incluídos no parágrafo anterior, para a preparación ou execución de medidas dos PPEC.

A acreditación destes gastos realizarase mediante a presentación de facturas xustificativas.

Gastos subvencionables

Os seguintes gastos poderán ser subvencionables:

a) Gastos de persoal propio, xa sexa de estrutura ou contratado para unha medida concreta do PPEC, incluídos aqueles custos indirectos que procedan.

En todo caso, consideraranse persoal de estrutura todos os membros dados de alta no NIF da organización con cargo de xerente ou outros cargos de dirección, así como outro persoal segundo proceda neste anexo. Considerarase persoal contratado aquel persoal coas características establecidas neste anexo.

b) Subcontratación de empresas externas ou profesionais independentes para a preparación ou realización dalgunha ou algunhas das medidas incluídas no PPEC, incluídas as obras, adquisición de bens e subministracións, correspondentes a medidas previamente aprobadas no PPEC, así como a realización do informe de auditoría para a conta xustificativa.

c) Convenios de colaboración con organismos científicos e outras entidades, que deberán formalizarse por escrito e recollerán o seu obxecto, os traballos que se van realizar, o tempo de execución e o orzamento, debidamente desagregado por capítulos.

d) Gastos de desprazamentos, aloxamento e manutención para a asistencia a feiras, congresos, cursos, xornadas ou eventos similares, en medidas aprobadas no PPEC, incluídos os salarios do persoal contratado expresamente segundo este anexo.

A súa desagregación é a seguinte:

1. Gastos do titular. Dentro dos gastos do titular poderanse considerar os gastos de persoal propio (estrutura ou contratado), os custos indirectos e os gastos por asistencia de viaxes.

1.1 Gastos de persoal.

1.1.1 Gastos de persoal de estrutura.

Definición: actividades relativas á supervisión e control realizadas polo persoal propio da organización, para a adecuada programación, desenvolvemento e, se for o caso,

elaboración dos PPEC ou execución das medidas dos plans. O persoal de estrutura terá unha dedicación parcial, nunca superior ao 50 %, e deberá xustificar a súa participación e horas de dedicación nas actividades relacionadas cos PPEC.

Cálculo: para o cálculo dos gastos de persoal propio de estrutura, aplicarase un custo unitario por hora non superior ás correspondentes ao grupo profesional equivalente, segundo as retribucións, incluídas as complementarias e cotizacións sociais, do persoal laboral incluído no Convenio colectivo único da Administración xeral do Estado, e cos importes adecuados aos disposto na Lei de orzamentos xerais do Estado e determinados por acordo da CECIR, cun límite máximo de 860 horas anuais, acreditados para o persoal de estrutura pertencente aos distintos grupos de cotización do réxime xeral da Seguridade Social ou réxime especial dos traballadores do mar.

Restricións: non será subvencionable o salario do persoal de estrutura nas viaxes incluídas no número 1.3.

Xustificación:

- Contrato laboral pola OPP ou AOP.
- Nóminas.
- Memoria xustificativa aprobada pola xunta directiva da organización, que especifique o obxecto dos traballos que se van realizar e o tempo de execución expresado en horas do persoal para cada medida.
- Xustificante do pagamento da nómina e cotizacións sociais (transferencia bancarias).

1.1.2 Gastos de persoal contratado expresamente para a preparación e/ou execución das medidas dos PPEC.

Definición: contratación de persoal que se incorpora á organización, con obxecto de preparar o PPEC e/ou desenvolver medidas incluídas nos PPEC. Estes terán unha dedicación total en relación coas actividades que se realizarán arredor dos PPEC.

Cálculo: Serán elixibles o 100 % dos gastos derivados de nóminas e cotizacións sociais, aplicarase un custo unitario por hora non superior ás correspondentes ao grupo profesional equivalente, segundo as retribucións, incluídas as complementarias e cotizacións sociais, do persoal laboral incluído no Convenio colectivo único da Administración xeral do Estado, e cos importes adecuados ao disposto na Lei de orzamentos xerais do Estado e determinados por acordo da CECIR, para un contrato a xornada completa de 1.720 horas anuais.

Xustificación:

- Contrato do traballador que indique que o seu obxecto será a preparación ou desenvolvemento de todas ou algunha das medidas do PPEC.
- Nóminas.
- Memoria xustificativa aprobada pola xunta directiva da organización, que especifique o obxecto dos traballos que se van realizar e o tempo de execución expresado en horas do persoal para cada medida.
- Xustificante do pagamento da nómina e cotizacións sociais (transferencia bancarias).

1.2 Custos indirectos.

Definición: custos que non están vinculados ou non poden vincularse directamente cunha actividade subvencionada, por teren carácter estrutural, pero que resultan necesarios para a súa realización, como os gastos de oficina, administrativos, servizos básicos, subministracións (auga, luz, teléfono, gas), mantemento, etc.

Cálculo: para o cálculo dos custos indirectos poderase aplicar o establecido no artigo 68.1.b) do Regulamento RDC, considerando o método de financiamento a tipo fixo e aplicando unha porcentaxe fixa do 15 % sobre os custos directos de persoal da organización (custos simplificados).

Consideraranse custos directos de persoal os custos dedicados ás actuacións relativas a PPEC que se inclúen nas nóminas e cotizacións sociais.

Restricións: non se aplicarán custos indirectos aos gastos de xestión ou gastos procedentes de terceiros.

Xustificación:

– As categorías de custos indirectos subvencionables que se calcularán coa porcentaxe a tipo fixo non precisan de xustificación:

– O órgano xestor verificará que a categoría de «custos directos de persoal» admisibles sobre cuxa base se aplica a porcentaxe para o cálculo dos custos indirectos é correcta.

1.3 Gastos de viaxes para a preparación ou asistencia a feiras, congresos, cursos ou xornadas que non requiran de factura.

Definición: a asistencia ou participación dunha medida específica aprobada no PPEC que non requiran de factura. No caso de gastos de desprazamento que requiran de factura ou gastos de aloxamento, observarase o indicado no número 2.3.

Refírense expresamente aos seguintes conceptos:

- a) Gastos de manutención.
- b) Gastos de desprazamento que non requiran de factura (transporte urbano, marítimo, autobús, taxi, vehículo particular, peaxes, aparcadoiro, garaxe, etc.).

Cálculo: Para determinar os gastos de manutención e desprazamento, financiaranse de acordo cos que correspondan segundo o grupo profesional de pertenza equivalente dos previstos no Real decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo, e como máximo polos correspondentes ao grupo 2 da dita norma, así como na Resolución do 2 de xaneiro de 2008, da Secretaría de Estado de Facenda e Orzamentos, pola que se ditan instrucións en relación coas nóminas dos funcionarios incluídos no ámbito de aplicación da Lei 30/1984, do 2 de agosto, nos termos da disposición derradeira cuarta da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do emprego público, e se actualizan para o ano 2008 as contías das retribucións do persoal a que se refiren os correspondentes artigos da Lei de orzamentos xerais do Estado para ese exercicio.

Restricións: Unicamente serán subvencionables os gastos de desprazamento e manutención para un máximo de tres persoas (persoal dado de alta na OPP e socios da OPP) por medida aprobada no PPEC.

Xustificación: memoria xustificativa aprobada pola xunta directiva que incluírá a liquidación individual dos gastos de manutención e desprazamento:

- a) Respecto aos gastos de manutención e quilometraxe, non será necesario presentar documento acreditativo e os importes detallados indicaranse na memoria.
- b) Comprobantes acreditativos dos gastos de desprazamento (taxi, autobús, peaxe, estacionamento etc.) mediante a presentación do recibo ou tícket xustificativo, se for o caso.
- c) Outros documentos xustificativos, como a convocatoria da reunión, orde do día, relación de asistentes ou certificado de asistencia, se for o caso.
- d) Cando con ocasión dos desprazamentos efectuados ao estranxeiro, os gastos ocasionados veñan expresados en divisas, deberán achegar a equivalencia do cambio oficial en unidade euro que corresponda á data en que se realice o gasto.

2. Gastos de xestión. A contratación de servizos ou adquisición de equipamentos, bens ou subministracións unicamente se poderá asignar como gastos de xestión do proxecto.

2.1 Subcontratación.

Definición:

- Os gastos derivados da contratación de empresas externas para a preparación e

elaboración dos PPEC ou a execución das medidas aprobadas nos plans mediante subministracións, servizos ou obras.

– Sen prexuízo do aprobado no PPEC e no informe anual, serán tamén subvencionables os gastos orixinados polo informe do auditor para a presentación da conta xustificativa.

Cálculo da axuda: Segundo os importes de gasto acreditados nas facturas xustificativas.

Xustificación:

– Contrato ou acordo por escrito no cal deben figurar os servizos que se prestarán, cando proceda, segundo as contías do artigo 29.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro.

– Memoria xustificativa. Inclúese a xustificación de posibles incidencias relativas á contratación.

– En función do importe do contrato, deberase presentar adicionalmente:

- Para contratos cun importe entre 18.000 e 60.000 euros, deberanse presentar tres ofertas económicas.

- Para contratos superiores a 60.000 euros, deberanse presentar tres ofertas económicas e o contrato ou acordo por escrito. Pola súa vez, o órgano xestor deberá emitir un certificado previo de aprobación.

- No caso de obras, deberase presentar unha acta de non inicio emitida polo xestor.

– Facturas detalladas de provedores externos.

– Xustificante de pagamento por transferencia bancaria.

2.2 Convenios.

Definición: acordos que se deberán formalizar por escrito e deberán recoller o seu obxecto, os traballos que se realizarán, o tempo de execución e o orzamento, debidamente desagregado por capítulos, e sempre que concorran as seguintes circunstancias:

- Todas as partes que o subscriben teñen interese común en levar a cabo un proxecto conxunto. Non se pode considerar que existe ese interese común cando o interese dunha das partes consiste na realización do traballo e que este lle sexa sufragado (en todo ou parte) por enmarcarse na actividade propia da entidade.

- O obxecto do convenio non se traduce en prestacións e contraprestacións das partes e non consiste en financiar un proxecto senón en realizalo, de tal forma que todas as partes contribúen ao desenvolvemento do proxecto pondo en común os datos, coñecementos e elementos persoais e materiais con que contén.

- O proxecto debe xerar un resultado do cal se beneficien todas as partes colaboradoras e do cal fagan ou poidan facer uso todas elas.

- A xustificación dos gastos derivados do convenio farase mediante a presentación dunha conta xustificativa, que deberá incluír unha declaración de cada unha das actividades realizadas e o seu custo.

Cálculo da axuda: segundo os importes de gasto acreditados nas facturas xustificativas.

Xustificación:

– Convenio de colaboración por escrito.

– Memoria xustificativa.

– Facturas detalladas de provedores externos.

– Xustificante de pagamento por transferencia bancaria.

2.3 Gastos de desprazamento e aloxamento para a asistencia a feiras, congresos, cursos, xornadas ou eventos similares que requiran de factura.

Definición: gastos de desprazamento (avión, tren e vehículo de aluguer e gastos de aloxamento do persoal).

Estes gastos de asistencia a viaxe non se deberán incluír como gastos do titular senón que se considerarán unicamente como gastos de xestión e deberanse acreditar mediante as facturas correspondentes.

Cálculo: financiaranse de acordo cos que correspondan segundo o grupo profesional de pertenza equivalente dos previstos no Real decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo, e, como máximo, polos correspondentes ao grupo 2 desa norma, así como na Resolución do 2 de xaneiro de 2008, da Secretaría de Estado de Facenda e Orzamentos, pola que se ditan instrucións en relación coas nóminas dos funcionarios incluídos no ámbito de aplicación da Lei 30/1984, do 2 de agosto, nos termos da disposición derradeira cuarta da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público, e se actualizan para o ano 2008 as contías das retribucións do persoal a que se refiren os correspondentes artigos da Lei de orzamentos xerais do Estado para o dito exercicio.

Restricións: unicamente serán subvencionables os gastos de desprazamento e aloxamento para un máximo de tres persoas (persoal dado de alta na OPP e socios da OPP) por medida aprobada no PPEC.

Xustificación:

– Memoria xustificativa aprobada pola xunta directiva, que incluírá a liquidación individual dos gastos e incluírá a liquidación individual dos gastos de desprazamento e de aloxamento, que identifique, para cada viaxe, a persoa ou persoas que a realizan e a súa relación con algunha ou algunhas das medidas do PPEC.

- a) Facturas detalladas de provedores externos.
- b) Se for o caso, outros documentos xustificativos, como tarxetas de embarque etc.

– Se for o caso, achegar a convocatoria da reunión, orde do día, relación de asistentes e certificado de asistencia.

Cabe resaltar que, ademais de presentar unha memoria xustificativa para cada tipo de gasto, cada OPP ou AOP, se for o caso, deberá presentar unha memoria resumo que inclúa o importe aprobado por medida do PPEC, o importe aprobado dos informes anuais e os gastos finalmente executados e xustificados.

Gastos non subvencionables

a) En termos xerais, os gastos orixinados por unha mera reposición dos anteriores, salvo que a nova adquisición corresponda a investimentos distintos aos anteriores, quer pola tecnoloxía utilizada quer polo seu rendemento.

b) As retribucións ou salarios e as axudas de custo e gastos de desprazamento do persoal da organización, xa sexa de estrutura, contratado ou de socios da organización, cando realicen tarefas relacionadas co funcionamento e xestión da organización.

c) As retribucións ou salarios do persoal de estrutura fóra dos expresamente admitidos neste anexo.

d) O arrendamento, reparación, mantemento e conservación das infraestruturas e equipamentos, o material de oficina e os servizos telefónicos, postais e telegráficos, así como calquera outro tipo de comunicación e, en xeral, os gastos destinados ao funcionamento administrativo, incluídos os fornecementos necesarios para o funcionamento normal das instalacións da organización profesional (auga, gas, electricidade, combustibles, etc), sen prexuízo da súa posible elixibilidade como custos indirectos en cada liña.

e) A adquisición ou aluguer de vehículos necesarios para o funcionamento habitual da organización.

f) O IVE, excepto o IVE non recuperable cando sexa custeado de forma efectiva e definitiva por beneficiarios distintos das persoas que non son suxeitos pasivos a que se refire o artigo 13.1 da Directiva 2006/112/CE do Consello, do 28 de novembro de 2006, relativa ao sistema común do imposto sobre o valor engadido.

- g) O resto dos impostos indirectos, cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación e os impostos persoais ou sobre a renda.
- h) Os custos indirectos dos gastos de xestión.
- i) Xuros de débeda, excepto de subvencións concedidas en forma de bonificacións de xuros ou subvencións de comisións de garantía.
- j) Adquisición de terreos non edificadas e terreos edificadas por un importe que exceda o 10 % do gasto total subvencionable da operación de que se trate
- k) As compras de materiais e equipamentos usados.
- l) A parte do custo dos elementos de transporte que non estean directamente relacionados coa operación.

B. Axuda á utilización do mecanismo de almacenamento

Os gastos subvencionables para esta liña son os previstos no artigo 31.

C. Axudas para a creación de organizacións profesionais e reestruturación de organizacións de produtores pesqueiros e asociacións de organizacións de produtores pesqueiros

Os gastos subvencionables para esta liña son os previstos no artigo 37.